



BOP

MARTES, 28 DE NOVIEMBRE DE 2017 N.º 273

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIA DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

Anuncio

FORMALIZACIÓN

ENTIDADE ADXUDICADORA:

- a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.
- c) Nº de expediente: EXP0005SE17-ABO.
- d) Domicilio: San Marcos 8.
- e) Localidade e código postal: Lugo 27001.
- f) Teléfono: 982260066/982260095.
- g) Correo electrónico: contratacion@deputacionlugo.org.
- h) Dirección de Internet de perfil de contratante: <http://www.deputacionlugo.org/>.

OBXECTO DO CONTRATO:

- a) Tipo: Servizos.
- b) Descrición: contratación do mantemento das instalacións térmicas e o control e prevención da lexiellosis nos distintos centros pertencentes á Deputación Provincial de Lugo.
- c) CPV: 50800000-3 Servizos varios de reparación y mantenimiento

TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO:

- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Aberto.
- c) Criterio de adxudicación. Oferta económica.

ORZAMENTO BASE DA LICITACIÓN:

- a) Importe neto: 137.900,00 euros. I V E (21%). Importe total: 166.859,00 euros.

ADXUDICACIÓN:

- a. Data: 27 de outubro de 2017.
- b. Contratista: CLECE S.A.
- c. Prezo de adxudicación: 77.879,55 euros. I V E (21%). Importe total: 94.234,26 euros.
- d. Data de formalización: Martes, día 31 de outubro de 2017.

En Lugo, 09 de novembro de 2017. O PRESIDENTE. P.D. Decreto nº0402/2017, de data 24-02-2017. O DEPUTADO PROVINCIAL. Pablo Rivera Capón

R. 3466

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

Formada e rendida a Conta Xeral do exercicio 2016 e dictaminada pola Comisión Especial de Contas expone ó público, xunto co dictame de dita Comisión, na Secretaría do Concello durante o prazo de quince días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Durante o devandito prazo e os oito días hábiles seguintes os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que coiden pertinentes.

Baleira, 20 de novembro do 2017.- O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López,

R. 3468

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación, en sesión de 27 de outubro de 2017 o expediente 444/2017 de baixas de dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados, dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, e o artigo 83 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, expone ao público, polo prazo de vinte días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes; de non producirse reclamacións, entenderase definitivo o acordo adoptado.

Folgoso do Courel, 20 de novembro de 2017.- A Alcaldesa-Presidenta, Dolores Castro Ochoa

R. 3469

FRIOL

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL INTERINO DUN/A TRABALLADOR SOCIAL CONVOCADO PARA A AGRUPACIÓN FRIOL-GUNTÍN.- Por resolución da Alcaldía de 17 de novembro do actual, ordeouse:

-Realizar unha nova convocatoria de persoal laboral con carácter interino, mediante inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados/as presenten as súas solicitudes no prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, que se publicará ademais ademais no taboleiro de anuncios dos concellos de Friol e Guntín. así como nas páxinas web dos Concellos. O proceso realizarase de conformidade coas bases no seu día aprobadas, ás que se incorporaron os criterios postos de manifesto polo órgano de selección, prestando aprobación ás mesmas.

-Encargarase da selección un tribunal constituído por funcionarios e persoal laboral fixo da administración pública, que, salvo posibles causas de abstención ou recusación, será o mesmo do proceso selectivo anterior, nomeado por resolución da Alcaldía de data tres de maio do actual. O órgano de selección actuará conforme ao previsto nas bases reguladoras na convocatoria e supletoriamente, conforme ao previsto na vixente lexislación reguladora.

-A tramitación da convocatoria, condicionarase ao que resulte de conformidade co previsto na vixente lexislación de réxime local

BASES PARA A PROVISION TEMPORAL COMO PERSOAL LABORAL INTERINO DUN/A TRABALLADOR/A SOCIAL CONVOCADO POLO CONCELLO DE FRIOL (AGRUPACIÓN FRIOL E GUNTÍN).-

1.- OBXETO DA CONVOCATORIA.- constitúe o obxecto da convocatoria a provisión temporal en réxime laboral dun traballador/a social, en réxime de persoal laboral temporal interino, ata a adopción doutras medidas ao respecto a mais longo prazo, de continuar coa financiación da administración autonómica. A convocatoria farase polo sistema de concurso-oposición, conforme á tramitación esixida pola vixente lexislación. Formalizarase co persoal seleccionado un contrato, de conformidade ao previsto no Estatuto dos Traballadores, asimilándose en canto a retribucións ao Grupo A2, a resolución da Dirección Xeral de Inclusión Social, e as do outro traballador social da agrupación. A relación laboral comezará, unha vez cumprida a tramitación legalmente esixida para a selección.

Serán funcións a desempeñar polo/a contratado/a as contempladas para un/ha traballador/a social, de conformidade coa normativa de aplicación, e que lle poida encomendar a Alcaldía ou concelleiros/as delegados/as segundo as necesidades dos servizos e en orde á boa marcha dos mesmos. Desempeñará as súas funcións no Concello de Guntín. O traballador social que viña desempeñando funcións nos concellos de Guntín e Friol, pasará a realizar o seu traballo no concello de Friol. Todo elo, sen prexuízo de que poidan substituírse mutuamente en caso de vacacións, ou ausencia por calquera motivo xustificad.

2.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.- para ser admitidos/as no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española, ou algunha outra que nos termos sinalados no art. 57 do Real Decreto lexislativo 5/2015 de 30 de outubro e no art. 52 da Lei 2/2015 de 29 de abril, de emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

Poderán acceder en iguais condicións que os que teñan a nacionalidade española:

- Os/as que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
- Os/as que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, senón están separados de dereito.
- Os/as descendentes de persoas que posúan a a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de 21 anos ou maiores da devandita idade dependentes.
- Tamén os extranxeiros/as dun estado non integrado na U.E. que teña residencia legal en España e poida acceder sen limitacións ao mercado laboral.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que lle son propias.

d) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Diplomatura/grado en Traballo Social. No caso de titulacións obtidas no extranxeiro, deberán acompañar o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

e) Posuír coñecemento do idioma galego, que deberá acreditarse debidamente. Celga 4 e equivalente. Se non se pode acreditar este requisito concreto, poderase acceder ao proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega, nos termos sinalados nas presentes bases, no apartado referido ao desenvolvemento do proceso.

f) Non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente. No momento de toma de posesión, deberá cumprir os requisitos esixidos na Lei 53/84 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Os/as aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade unha vez que se formalice a toma de posesión. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo ao Concello, os/as aspirantes seleccionados comprométense a renunciar á devandita actividade.

g) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento das funcións públicas no caso de persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha das administracións públicas, nin de órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA, nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de cargos ou empregos públicos por resolución xudicial.

No caso de ser seleccionado/a para o posto, acreditarase mediante declaración formal baixo xuramento ou promesa. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado, ou situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

Os requisitos anteriormente establecidos deberán reunirse polos/as aspirantes no momento da finalización do prazo de presentación de solicitudes, debendo manterse as mesmas durante todo o proceso selectivo.

3.- SOLICITUDES.- os/as que desexen participar no proceso de selección deberán presentar a seguinte documentación:

a) Instancia dirixida ao Sr. Alcalde, na que manifesten que coñece e acepta as presentes bases e reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas mesmas, segundo o modelo contido no Anexo das presentes bases, xunto coa relación detallada dos méritos aportados para a súa valoración polo órgano de selección.

b) Copia compulsada do DNI, ou documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe, que acredite que son nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado, que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación á libre circulación de traballadores.

c)Copia autenticada da titulación académica esixida para o posto, ademais do título de Galego.

Ademais, e co obxecto de proceder á súa puntuación, deberán presentar xunto coa solicitude documentación acreditativa que probe a posesión dos méritos alegados. No caso de accións formativas, mediante copias compulsadas dos títulos, diplomas ou certificacións acreditativas. En relación cos servizos prestados, acreditarase mediante copia dos contratos de traballo ou certificado da entidade contratante, acompañados necesariamente do informe de vida laboral, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Os méritos que non se acrediten documentalmente non serán valorados polo Tribunal. A non acreditación dos méritos alegados, xunto coa presentación da instancia, determinará que estes non se terán en conta polo Tribunal, nin se lles dará valoración.

d)No caso de aspirantes con discapacidade, deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións necesarias, para garantir a igualdade de oportunidades co resto dos/as aspirantes.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación de anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Publicaranse as bases íntegras, ademais nos taboleiros de edictos e nas páxinas web dos Concellos de Friol e Guntín. A presentación das solicitudes farase no Rexistro do Concello de Friol, en horario de 9 a 15 horas en días laborables, ou por calquera dos medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro. Se o último día de prazo fora inhábil, o prazo rematará o día hábil seguinte. Cando as solicitudes se presenten fora do Rexistro do Concello, co fin de axilizar os trámites, poderán remitir unha comunicación por fax ao concello (982-375206) comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente.

Para ser admitido/a bastará con que os/as aspirantes manifesten nas súas instancias que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas no punto segundo das presentes bases, referidas sempre á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Ademais deberán presentar a documentación acreditativa dos méritos, a efectos da súa valoración polo Tribunal, reiterando que os méritos non xustificados non serán valorados. O/a seleccionado/a deberá acreditar documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos, previamente á formalización do contrato laboral.

Finalizado o prazo máximo de presentación de solicitudes, o Sr. Alcalde, no prazo máximo de sete días hábiles, aprobará mediante resolución a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, indicando nomes e DNI. A resolución expoñerase no Taboleiro de Anuncios do Concello e publicarase na páxina web do Concello, relacionándose os/as aspirantes excluídos/as con indicación da causa de exclusión. Os/as excluídos/as dispoñerán do prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do BOP, a efectos de reclamacións contra a exclusión ou á corrección das deficiencias sinaladas. No caso de non presentarse reclamacións a lista provisional elevarase a definitiva. No caso de presentarse, procederase no prazo de sete días hábiles, á resolución das reclamacións presentadas. Resoltas as reclamacións presentadas, o Sr. Alcalde, aprobará as listas definitivas de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, designará tribunal e sinalará o lugar data e hora para a realización das probas que integran o proceso selectivo, resolución que se publicará nos taboleiros de edictos e nas páxinas web dos concellos, publicación que deberá realizarse cunha antelación mínima de cinco días hábiles á iniciación das probas

4.- ÓRGANO DE SELECCIÓN.- De conformidade co disposto no art. 59 da Lei 5/2015 de 29 de abril, de emprego público de Galicia, e o art. 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público de Galicia, o órgano de selección para a provisión do posto, será colexiado e estará constituído por un número impar de membros, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes. Un dos membros actuará como Presidente e outro como Secretario do Tribunal. Formarase por empregados públicos (funcionarios ou persoal laboral fixo da administración pública), con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado, axustándose aos principios de imparcialidade, profesionalidade e paridade de homes de mulleres. Non formarán parte do mesmo persoas de elección ou designación política, funcionarios interinos nin persoal eventual.

Para o proceso selectivo anterior, a designación nominal realizouse por Resolución da Alcaldía de 3 de maio do actual. Salvo posibles causas de abstención ou recusación, será o mesmo órgano de selección. Non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia da metade dos seus membros (titulares ou suplentes) e en todo caso a do Presidente e Secretario, ou dos seus suplentes.

Presidente:

- Don José Luis Vázquez Méndez, Secretario dos Concellos de Guntín-Portomarín; suplente Dona Mónica Vázquez Fandiño, Secretaria do Concello de Láncara;

Vogais:

- Don Pablo Veiga López-Castelo, Traballador Social dos Concellos de Friol e Guntín; suplente: Dona Ana María Bermúdez Prado, Traballadora Social do Concello de Palas de Rei.
- Dona Margarita Viña Santos, Traballadora Social do Concello de Portomarín. Suplente Dona Laura Estrada Pérez, Traballadora Social do Concello de Pobra de Brollón.

- Don Jesús Morado López, Funcionario Concello de Friol. Suplente: Don José López González, Secretario do Concello de Paradela.

Secretario:

- Don Julio González Casanova, Secretario do Concello de Friol; como suplente: Don Antonio Lorenzo Morandeira, Secretario do Concello de Begonte.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir cando concorran algunha das causas previstas nos artigos. 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas. Todo elo sen prexuízo do dereito de recusación que poidan exercer os/as aspirantes.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores/as naquelas probas que aconsellen requirir a opinión de técnicos especialistas, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, única base da súa colaboración e que actuarán con voz, pero sen voto.

Os membros do Tribunal terán dereito pola súa concorrencia ás sesións do tribunal, ao pago das asistencias nas coantías establecidas polo R.D. 462/2002 de 24 de maio sobre indemnizacións por razón de servizo, ou as actualizacións posteriores (orde do Ministerio de Economía e Facenda EHA/3770/2005/ de 1 de decembro). Ademais os membros do mesmo que teñan que desprazarse desde outro termo municipal terán dereito a gastos de viaxe, segundo a normativa citada.

Os membros do Tribunal quedan facultados para resolver as dúbidas que se lle presenten e tomar os acordos precisos para o desenvolvemento correcto do proceso de selección, así como aquelas cuestións que non estean previstas nas presentes bases. As decisións adoptaranse por maioría simple dos membros asistentes. Valorarán as probas realizadas e os méritos debidamente xustificadas polos/as solicitantes, conforme ao establecido no Anexo as presentes bases. Velará polo cumprimento dos principios de obxectividade na selección, mérito e capacidade.

5.- SELECCIÓN E NOMEAMENTO.- o/a seleccionado/a polo Tribunal para a provisión do posto con carácter temporal, será o que obteña maior puntuación (determinada pola suma das puntuacións dos distintos apartados do Anexo I), establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes/as seleccionados/as. No suposto de empate nas puntuacións, resolverase de conformidade co exposto no Anexo.

Polo órgano de selección levantarase a correspondente acta e publicarase edicto no taboleiro de anuncios do Concello, no que se ordearán os candidatos por orde da puntuación obtida. Elevarase proposta ao Sr. Alcalde, que procederá a ditar resolución ao respecto, conforme ao previsto na vixente lexislación. Os /as aspirantes disporán de un prazo de tres días hábiles, contado a partir do seguinte ao da publicación no taboleiro de edictos e na web, para realizar as alegacións ou reclamacións pertinentes. Rematado o prazo e resoltas as mesmas, elevarase a definitiva e procederase á formalización do contrato, previa presentación nun prazo de tres días hábiles (a partir desde a data da publicación do proceso selectivo no taboleiro de edictos dos Concellos de Friol e Guntín), da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Deberá acompañar certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño do posto, declaración xurada de non ter sido separados do servizo das administracións públicas e non estar incurso en causa de incompatibilidade, fotocopia da tarxeta No caso de non presentar a documentación no prazo referido e salvo casos de forza maior, decaerán no seu dereito e non poderán ser nomeados/as, sen prexuízo a responsabilidade en que puidera incorrer por falsidade na solicitude.

No caso de que xurda calquera imprevisto, impedimento ou imposibilidade, ou renuncia do/da seleccionado/a en primeiro lugar, seguirase cos seguintes seleccionados/as, polo orde de puntuación. A orde de puntuación de cada aspirante será tida en conta á hora de asegurar a cobertura da praza/posto/funcións convocadas.

6.- DISPOSICIÓN FINAL.- O proceso selectivo regularase polo disposto nas presentes bases e no que non estea previsto nelas, polo establecido na Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, Real Decreto lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 5/97 de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, Lei 2/2015 de 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como pola restante normativa estatal ou autonómica vixente, que sexa de aplicación por razón da materia.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos dela se deriven, así como da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e no xeito previsto na vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, así como na vixente lexislación da xurisdición contencioso administrativo (Lei 29/98 de 13 de xullo). Todo elo, sen prexuízo de que poida interpor calquera outro recurso, que puidese considerar mais conveniente para o seu dereito.

A xurisdición competente para resolver as controversias en relación aos efectos e resolucións do contrato laboral, sería a xurisdición social.

Friol a 17 de novembro de 2017.- O Alcalde

ANEXO I.- FASE DE OPOSICIÓN- PROBA DE GALEGO- FASE DE AVALIACIÓN DE MÉRITOS.

O proceso de selección será o de **concurso-oposición**, ademais da celebración da proba de galego, para os/as que non poidan acreditar o seu coñecemento mediante título homologado, conforme ao disposto na presentes bases. e á normativa de aplicación.

a) Fase de oposición: De carácter eliminatorio.

b)) Fase de concurso: A valoración das condicións de formación méritos ou niveis de experiencia non supoñerá máis dun 40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo, tal como sinala o artigo 56 da lei 2/2015 de 29 de abril.

FASE DE OPOSICIÓN.- Consistirá na realización de dous exercicios un teórico e outro de carácter práctico e terá unha puntuación máxima de 20 puntos. Os/as aspirantes convocaranse en chamamento único, sendo excluídos os que non comparezan. Deberán acudir provistos de NIF, pasaporte, ou carné de conducir, podendo en calquera momento órgano de selección requirir que acrediten a súa personalidade.

Primeiro.- Consistirá en contestar, durante o período máximo dunha hora a un test de 40 preguntas, segundo o temario que figura no Anexo II. Cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos para superala. Quen non acade a puntuación mínima quedará eliminado do proceso selectivo. Das preguntas, con respostas alternativas elixirase unha como resposta, puntuando cada unha correcta 0.25 puntos. Cada resposta incorrecta, restará 0,15 puntos.

Engadiranse cinco preguntas de reserva, ás que tamén deberán dar resposta, para o caso de que con posterioridade se anulase algunha das preguntas do cuestionario. No caso de esgotarse as preguntas de reserva por causas de anulacións, polo órgano de selección outorgarase a puntuación correspondente, atendendo a criterios de proporcionalidade, á vista das preguntas restantes.

Segundo: Consistirá na resolución dun caso práctico sobre labores propios do traballo para desenvolver durante un período máximo dunha hora. A proba de carácter eliminatorio, será cualificada de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos para superala.

Entre a celebración de cada unha das probas, deberá transcorrer, como mínimo, tres días hábiles, podendo nese prazo presentar as alegacións ou reclamacións pertinentes.

A puntuación total dos/as que superen ambas probas, obterase pola suma de ambas e efectuando a media.

PROBA DE GALEGO.- Común e obrigatorio para aqueles candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego do nivel CELGA 4 ou equivalente, debidamente homologado, polo órgano competente en materia de política lingüística, da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG núm. 146 do 30 de xullo).

Os/as candidatos/as que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen dicionario, elixido libremente polo tribunal, de castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración máxima de 25 minutos, e aínda que non é parte fase de oposición, realizarase o mesmo día asignado para as outras probas de fase práctica. Valorarase como APTO ou NON APTO, sendo necesario para supéralo obter o resultado de APTO. O tribunal decidirá o nivel preciso par acadar o resultado de apto.

FASE DE CONCURSO.- Non ten carácter eliminatorio. O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as que superaran a fase de oposición. Puntuarase cun máximo de 8 puntos, de acordo coa seguinte distribución:

1)Experiencia profesional: Máximo 4 puntos.

- Por servizos prestados en calquera administración pública en postos de traballador social ou similar, 0,10 puntos por cada mes de servizo en postos similares.
- Por servizos prestados en calquera empresa privada en postos de Traballador Social ou similares 0.05 puntos por cada mes de servizo en postos similares

Non se computarán os períodos de tempo inferiores a un mes, considerándose a estes efectos os meses de 30 días.

A acreditación da experiencia profesional realizarase mediante a presentación de certificado de servizos restados emitido pola administración pública contratante, ou polos contratos de traballo. En todo caso, acompañarase informe de vida laboral, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

2) Formación: Máximo 4 puntos. Puntuaranse as accións formativas impartidas, organizadas ou homologadas por organismos oficiais, que garden relación coas funcións propias do posto a desempeñar

- a) Por cada curso ou acción formativa de duración inferior a 20 horas, ou que non exprese número de horas: 0,05 puntos.

- b) Por cada curso ou acción formativa de duración igual ou superior a 20 horas e inferior a 50 horas: 0,20 puntos por curso.
- c) Por cada curso ou acción formativa de duración igual ou superior a 50 horas e inferior a 100 horas: 0,40 puntos por curso
- d) Por cada curso de duración superior a 100 horas: e inferior a 150 horas: 0,60 puntos por curso.
- e) Por cada curso de duración igual ou superior a 150 horas: 0,80 puntos.

En caso de empate na suma de ambas fases, acudirase en primeiro lugar a quen obtivese máis puntos na fase de oposición. De persistir o empate verificarse na fase de concurso o/a aspirante que ten maior puntuación, na fase de experiencia profesional. De persistir o empate, resolverase por sorteo.

ANEXO II: TEMARIO FASE DE OPOSICIÓN.-

Materias Xerais:

- 1.- A Constitución española do 1978.
- 2.- Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
- 3.- Organización territorial do Estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma.
- 4.- Dereito Administrativo. Fontes e xerarquía das normas.
- 5.- A administración e á norma xurídica: O principio de legalidade.
- 6.- O Municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. O empadroamento.
- 7.- O Municipio. Competencias e organización. Órganos de goberno e administración do municipio.
- 8.- A provincia. Organización provincial. Deputacións.
- 9.- O Procedemento Administrativo Común. As fases de procedemento administrativo.
- 10.- Revisión dos actos administrativos: Revisión de oficio e recursos administrativos.
- 11.- O persoal ao servizo das Entidades Locais. Concepto e clases. Dereitos e deberes. Incompatibilidades.
- 12.- O orzamento das Entidades Locais. Documentos de que consta.
- 13.- Calidade dos datos. Dereito de información na recollida de datos, consentimento do afectado, datos especialmente protexidos, dereito de rectificación e cancelación da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal

Materias específicas.-

- 1.- A acción social. Concepto e etapas históricas. Política Social.
- 2.- O Sistema Galego de Servizos Sociais. Principios. Titulares dos dereitos e dos deberes das persoas en relación cos servizos sociais.
- 3.- Estrutura do sistema de servizos sociais. Servizos sociais comunitarios básicos. Servizos sociais comunitarios específicos. Servizos sociais especiais.
- 4.- O Regulamento dos servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- 5.- A prestación dos servizos sociais. Formas de prestación.
- 6.- A inspección dos servizos sociais. As obrigas das entidades.
- 7.- O Servizo de axuda no fogar. Definición. Obxectivos. Persoas usuarias, profesionais que interveñen. Prestacións e tarefas. Organización.
- 8.- Obxecto, definición e principios fundamentais da lei de promoción de autonomía persoal e atención á dependencia.
- 9.- Configuración do sistema para a autonomía persoal e atención á dependencia. Finalidades do sistema. Niveis de protección.
- 10.- Prestacións e catálogo de servizos de atención do sistema para a autonomía e atención á dependencia. Procedemento de elaboración do PIA.
- 11.- Graos de dependencia e valoración. Recoñecemento do dereito. Financiamento do sistema e aportación dos usuarios.
- 12.- Lei galega de Medidas Básicas para a inserción social. Funcións da administración autonómica. Funcións dos Concellos.
- 13.- A renda de Integración Social de Galicia. Concepto. Beneficiarios. Obrigas dos beneficiarios.

-
- 14.- O Acollemento familiar na Lei de apoio á familia e a convivencia en Galicia. Modalidades.
 - 15.- Axudas para situación de Emerxencia Social da Lei Galega de medidas básicas para a inserción social. Obxecto.Requisitos. Tramitación.
 - 16.- Necesidades e recursos das persoas con discapacidade. Centros especializados. Axuda no fogar.
 - 17.- Necesidades sociais dos maiores. Recursos.
 - 18.- Inmigración e retorno. Marco normativo.
 - 19.- A integración social das persoas inmigrantes e emigrantes retornados.
 - 20.- Fundamentos, principios e función do traballo social
 - 21.- Niveis de intervención en traballo social.
 - 22.- Proceso metodolóxico. Aproximación á realidade social, formulación, planificación, programación e execución.
 - 23.- Técnicas en traballo social: instrumentais, de coñecemento, de intervención de avaliación.
 - 24.- Deontoloxía e principios éticos do traballo social
 - 25.- As necesidades sociais. Concepto, tipoloxía e características.
 - 26.- O traballador social como membro dun equipo interdisciplinar: fundamentos e función.
 - 27.- Deontoloxía e ética profesional. Os códigos de ética no traballo social

ANEXO III.- MODELO DE SOLICITUDE E RELACIÓN DE MÉRITOS.-**DATOS DA PRAZA POSTO A QUE SE ASPIRA:****I.- DATOS PERSOAIS.-**

Primeiro apelido	Segundo Apelido	Nome
Data de Nacemento	D.N.I.	Nacionalidade

Enderezo

Municipio	C.P. Provincia	Telf ou Fax
Grao de discapacidade %		

II.- SOLICITO

Ser admitido/a nas probas selectivas convocadas para cubrir o posto denominado “**TRABALLADOR/A SOCIAL AGRUPACIÓN FRIOL E GUNTÍN**”. como persoal laboral e declaro que son certos tódolos datos consignados nesta solicitude, e que coñezo e reúno os requisitos esixidos nas bases, referidos á data en que remata o prazo de presentación de instancias.

Manifesto o compromiso, no caso de obter a praza sinalada, de xurar ou prometer lealdade ao Rei respecto aos dereitos das persoas, estrita observancia da Lei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

DECLARO EXPRESAMENTE que reúno os requisitos esixidos na convocatoria que acepto íntegramente.

III.-TITULACIÓN E MÉRITOS ALEGADOS:Relación circunstanciada da titulación e dos méritos que se alegan, segundo as bases da convocatoria, para a admisión ao proceso selectivo e a valoración na fase de concurso, no caso de superar a fase de oposición.:

I.- TITULACIÓN.-

.....

II.- COÑECEMENTO IDIOMA GALEGO.

.....

III.- EXPERIENCIA PROFESIONAL.--

.....

IV.- FORMACIÓN.-

.....

.....
.....
.....

Manifesto ser coñecedor/a de que os méritos non se tomarán en consideración nin serán avaliados se non se presentan documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias cotexadas) que os acrediten debidamente, dentro do prazo de presentación de instancias do posto a que que opto.

Consinto no tratamento dos meus datos e do mesmo xeito poder exercer os dereitos de oposición, acceso, rectificación e cancelación, de conformidade coa normativa de aplicación

Lugar e data
O/a solicitante

ANEXO IV

En relación co establecido na LOPD de carácter persoal, o concello procede a informar que os datos obtidos serán incorporados a un ficheiro do que será responsable o Concello, con enderezo social en praza de España Friol. Os datos obtidos son co consentimento do/a interesado/a. O obxecto do tratamento será a xestión da relación contratual entre o concello e o/a solicitante. O/a interesado/a gozará en todo momento dos dereitos de accesos, rectificación, cancelación e oposición garantidos por lei vixente. O/a titular dos datos comprométese a comunicar por escrito en calquera momento ao concello, calquera modificación dos datos aportados

Friol a 17 de novembro de 2017.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez

R. 3470

LUGO*Anuncio*

Por medio do presente faise público que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día 22 de novembro de 2017, adoptou, entre outros, o acordo número 38/735, polo que se **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Que se proceda á convocatoria para o exercicio 2017 das subvencións para financiar parcialmente o alugamento de vivenda destinada a domicilio habitual das persoas residentes no termo municipal de Lugo, de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrencia competitiva.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de **150.000 €** para o pagamento das axudas ás persoas beneficiarias deste programa e que irán con cargo á aplicación orzamentaria municipal **23179.48901** do exercicio económico 2017.

TERCEIRO.- Esta convocatoria rexeráse polo establecido nas seguintes bases xerais reguladoras da concesión de subvencións para alugamento de vivendas en Lugo-exercicio económico 2017.

PRIMEIRA.- OBXECTO DAS AXUDAS

1.- O obxecto destas bases é establecer e regular un programa de axudas para financiar parcialmente o alugamento de vivenda destinada a domicilio habitual das persoas residentes no termo municipal de Lugo, nas condicións que nelas se establecen. Todo isto coa finalidade de facilitarlle o acceso a unha vivenda digna á cidadanía que se encontre nunha situación socioeconómica que lle imposibilite ou dificulte o exercicio do dereito a unha vivenda digna recoñecido na Constitución española.

2.- As axudas que se outorguen ao abeiro desta convocatoria teñen carácter de subvención, e a súa concesión efectuarase en réxime de concorrencia competitiva. A convocatoria rexeráse por estas bases, polas normas establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da dita lei e na Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións.

SEGUNDA.- ENTIDADE COLABORADORA

1- A Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), actuará como entidade colaboradora, conforme ao disposto no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 12, 15 e 16 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e concordantes da Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións.

2- No orzamento anual de EVISLUSA figura, entre outros, como labor anual e fixa o desenvolvemento do Programa municipal de subvencións ao alugueiro, non sendo necesaria polo tanto a formalización de encomenda de xestión.

TERCEIRA.- PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán solicitar estas axudas para o alugamento as persoas físicas arrendatarias de vivendas que vivan soas ou formen parte dunha unidade de convivencia, con contratos de arrendamento vixentes na data de peche do prazo de presentación de solicitudes.

Poderán solicitar as axudas aquí reguladas as persoas físicas, maiores de idade, que posúan a nacionalidade española, ou a dalgún dos estados membros da Unión Europea ou do Estado Económico Europeo, Suíza, ou o parentesco determinado pola normativa que sexa de aplicación. No caso de estranxeiros non comunitarios, deberán ter residencia legal en España.

O cumprimento de todos os requisitos recollidos nas cláusulas cuarta e quinta destas bases deberá cumprirse na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período no que a persoa solicitante figure como beneficiaria da axuda.

CUARTA.- REQUISITOS QUE DEBERÁN REUNIR AS PERSOAS SOLICITANTES

a) Todos os membros da unidade de convivencia han de residir e estar empadroados no termo municipio de Lugo e a persoa solicitante, ademais, deberá estar empadroada cunha antigüidade mínima de UN ANO con

anterioridade á data de peche do prazo de presentación de solicitudes; tras a autorización das persoas interesadas, EVISLUSA solicitará de oficio o xustificante de empadramento e convivencia, e deberán constar empadroadas exactamente as mesmas persoas que se declaran na solicitude.

Consideraranse asimiladas a persoas residentes as solicitantes que fosen antigas residentes no municipio de Lugo e que, por motivos económicos, laborais e/ou formación académica regrada, se viron obrigadas a abandonalo e desexen retornar a el, sempre que demostren ter residido, con anterioridade, neste termo municipal un tempo continuado non inferior a 10 anos.

b) A vivenda para a que se solicita a axuda deberá constituír residencia habitual, aspecto que se xustificará a través dunha declaración responsable da persoa solicitante, se ben a entidade colaboradora resérvase a posibilidade de levar a cabo as comprobacións pertinentes en colaboración co Servizo Municipal de Estatística. Comprobarase que a vivenda onde se atope empadroada a unidade familiar coincide coa do obxecto de solicitude de subvención e que se atopan empadroados unicamente os membros da unidade familiar que figuren na solicitude. O non cumprimento destes requisitos dará lugar á denegación da axuda.

c) Ningún membro da unidade de convivencia poderá dispoñer de vivenda en propiedade no termo municipal de Lugo ou de dereito real de uso e desfrute sobre outra vivenda na provincia de Lugo agás que de encontrarse no último suposto demostre documentalmente a imposibilidade de facer uso deste dereito (vivenda non habitable, motivos laborais ou familiares...). Quedan excluídos deste requisito:

- As persoas separadas ou divorciadas con convenio regulador no que figure que a vivenda conxugal queda para uso e desfrute da súa ex-parella.

d) Que non exista aglomeración de persoas na vivenda. (Un mínimo de 4 m² por persoa en estancias de uso dormitorio).

e) Establécese un límite máximo de ingresos da unidade de convivencia de xeito que poderán resultar beneficiarias destas axudas aquelas unidades de convivencia cuxos ingresos brutos totais anuais ponderados segundo a fórmula establecida na base 6^a destas bases, non superen **dúas veces** o índice público de rendas de efectos múltiples (IPREM) que segundo a Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016 o valor anual para o IPREM queda fixado en 7.455,14 € (o límite para estas axudas establécese en 14.910,28 €), e que os ingresos derivados das rendas de capital non superen, no seu conxunto, a cifra de 601 € anuais. Para a determinación dos ingresos partírase das contías da base imponible xeral e do aforro reguladas na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes á declaración ou declaracións presentadas por cada un dos membros da unidade de convivencia e que se refiran ao último exercicio fiscal dispoñible (exercicio 2016). Ademais teranse en conta todos os ingresos recibidos no último exercicio vencido que non estean incluídos no IRPF.

Para o suposto de que algún dos membros da unidade de convivencia non estivese obrigado a presentar a declaración da renda, os ingresos determinaríanse partindo da documentación á que se refire a cláusula décima destas bases.

f) As persoas membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos deberán atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo, e que non teñan pendente ningunha outra débeda por ningún concepto coas administracións públicas antes mencionadas. Así mesmo, que non se atopen incursoas en ningunha das prohibicións para ser beneficiaria de subvencións públicas, contempladas no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

g) Que ningún membro da unidade de convivencia:

- Perciba axuda económica en concepto de vivenda mentres estea percibindo a deste programa xa que esta subvención é incompatible con calquera outra pública ou privada concedida para este fin. Exceptúase da anterior limitación o complemento para titulares de PNC que residen en vivendas alugadas.

- Teña parentesco en primeiro, segundo e terceiro grao de consanguinidade ou afinidade coa persoa arrendadora.

- Sexa beneficiario/a desta subvención na convocatoria 2015 e nas súas correspondentes prórrogas.

2.- Para os efectos deste programa, enténdese por unidade de convivencia:

2.1) A formada polas/os cónxuxes non separadas/os legalmente e, se é o caso, as/os súas/seus descendentes e ascendentes que convivan habitualmente ou colaterais en terceiro grao que convivan habitualmente.

2.2) Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, acreditada mediante inscrición no Rexistro de Parellas de Feito ou ben Libro de Familia, a formada polos respectivos titulares das ditas unións de convivencia, con descendentes e ascendentes, en iguais termos aos enunciados no parágrafo anterior.

2.3) As persoas maiores de idade integradas nunha unidade de convivencia que manifesten o seu desexo de independizarse.

2.4) O conxunto de persoas que, cunha antigüidade non inferior a un ano, habitan unha vivenda de forma habitual e permanente e con vocación de estabilidade.

QUINTA.- REQUISITOS QUE DEBERÁN CUMPRIR AS VIVENDAS.

1.- A vivenda alugada deberá estar situada no termo municipal de Lugo. Non poderán ser obxecto de axuda:

- As vivendas de protección oficial de promoción pública, nin as de titularidade da Administración pública nin as de carácter benéfico social ou sen ánimo de lucro.
- As vivendas situadas en entreplantas e as vivendas situadas nos baixo cuberta con uso legal recoñecido no planeamento distinto de vivenda.
- Os subarrendos.
- Os alugamentos de habitacións.
- Os locais e/ou rochos usados como vivenda.

2.- O custo do alugamento da vivenda non poderá superar os 350 €/mes. Quedan excluídos do concepto de alugamento, xa que non poderán ser incluídos como renda da vivenda e, polo tanto, non serán subvencionables, os gastos que a continuación se mencionan:

- Os de comunidade e administración.
- Contribucións especiais, taxas e impostos, aínda que figuren no contrato.
- Os de garaxe e anexos.
- Os de gas, auga, electricidade e calefacción.
- Os correspondentes ás reparacións que, conforme a Lei ou o contrato, teña que efectuar na vivenda a persoa titular do arrendamento.

En todos os casos, os contratos de alugamento deberán aterse, en canto á súa duración, ao estipulado na Lei 29/1994 de arrendamentos urbanos e modificacións posteriores, e en calquera caso deberase desagregar a parte da vivenda dos gastos non subvencionables.

3.- A vivenda deberá contar, polo menos, coas seguintes condicións de habitabilidade:

- Cociña en bo uso, con fonte de alimentación eléctrica ou calquera fonte de alimentación legal, e nunha estancia ventilada e axeitadamente equipada.
- Se dispón de instalación de gas, deberá atoparse legalizada. En calquera estancia en que exista aparello con combustión deberá existir unha reixa de ventilación en contacto directo co exterior. No caso de gases máis pesados có aire (butano, propano...) a reixa deberá estar situada a ras do pavimento cun máximo de 15 cm.

Se a estancia onde se atopa o aparello de combustión non está situada directamente en contacto co exterior, as estancias contiguas disporán, así mesmo, de reixa. En ningún caso se poderán tapar ou bloquear as ditas reixas.

- Cuarto de baño completo con ducha ou bañeira con ventilación directa ou forzada.
- Sistema de conducción de auga quente en funcionamento e que dea servizo ao cuarto de baño e á cociña.
- Instalación eléctrica a 220 V en bo estado e legalizada.
- Dispoñer de auga corrente, con instalación en bo estado, mediante contrato de subministración concertado co Concello de Lugo, se se atopase dentro da área de prestación do servizo municipal de abastecemento domiciliario de auga potable.
- Deberá dispoñer de rede de saneamento en bo uso, con vertedura legal á rede xeral, se se atopase dentro da área de prestación do servizo municipal de sumidoiros.
- Iluminación e ventilación segundo as condicións de vivenda exterior establecidas no Plan xeral.

Os espazos con uso dormitorio deberán ser todos exteriores e non utilizar outras dependencias que non teñan ese uso. Considérase unha superficie mínima de 4 m² por persoa na estancia. Permitirase a ventilación desas estancias a través de galerías ou estancias de estar que non superen os 3 m de profundidade con respecto á fachada do edificio.

Os espazos con uso de estar deberán ser todos exteriores e non utilizar outras dependencias que non teñan ese uso.

- Demais requisitos establecidos nos criterios xerais da normativa de habitabilidade tendo en conta como mínimo o cumprimento do Decreto 311/1992. Entre cuxas disposicións establece a determinación de que as vivendas situadas na 4ª planta ou superiores deberán ter acceso por ascensor, agás nas edificacións anteriores á entrada en vigor desta normativa.

- As vivendas, en todo caso, deberán ter unhas condicións mínimas de hixiene, ornato e salubridade. Todas as estancias deberán ser accesibles e non se permitirán usos de almacenamento descontrolado de obxectos nas estancias da vivenda.

Para a realización da visita técnica, o persoal de EVISLUSA poñerase en contacto telefónico a través de chamada telefónica ou SMS ao número de teléfono ou no correo electrónico indicado pola persoa solicitante no impreso de solicitude, para indicarlle a data e hora da visita. Realizaranse tres intentos, se non é posible concertar a dita cita, **entenderase que renuncia á subvención por causa imputable á persoa solicitante.**

Así mesmo, unha vez confirmada a data e hora da visita para realizar polo persoal técnico, a non comparecencia na vivenda e, polo tanto, obxecto da inspección implicará a renuncia á axuda.

SEXTA.- CONTÍA E DURACIÓN DAS AXUDAS. CRITERIOS DE OUTORGAMENTO E A SÚA PONDERACIÓN

O orzamento para esta finalidade é de 150.000 € con imputación á aplicación orzamentaria municipal do exercicio 2017 número 23179.48901.

Este crédito inicial poderá ser incrementado en función do número de solicitudes presentadas e de que exista dispoñibilidade orzamentaria.

As axudas de alugamento, cumpridos os requisitos esixidos, concederanse de conformidade coas contías e porcentaxes que a continuación se citan:

A contía para cada caso fixarase en función do cálculo que se efectúe sobre os ingresos ponderados da unidade de convivencia (IUC), de conformidade coa táboa prevista nestas bases. Para esta ponderación tomarase como base a declaración de ingresos (DI) achegada pola persoa solicitante. Esta cantidade ponderarase atendendo ao número de membros da unidade de convivencia e circunstancias deles, aplicando os seguintes coeficientes, de xeito sucesivo e acumulado:

1.- Número de membros da unidade de convivencia (MUC).

- Dous membros: 0,95.
- Tres: 0,90.
- Catro: 0,85
- De cinco en diante: 0,80.

2.- Número de descendentes da unidade de convivencia (DUC).

- Un: 0,95.
- Dous: 0,90
- Tres: 0,85
- Catro: 0,80
- De cinco en diante: 0,75.

3.- Número de ascendentes da unidade de convivencia: (AUC).

- Unha/Un ascendente: 0,95.
- Dúas/Dous ou máis ascendentes: 0,90.

4.- Familias monoparentais con cargas familiares (CF).

- Unha persoa: 0,95.
- Dúas: 0,90
- Tres: 0,85.
- Catro: 0,80
- De cinco en diante: 0,75.

De conformidade co especificado no parágrafo anterior, o cálculo dos ingresos ponderados da unidade de convivencia (IUC) expresarase na seguinte fórmula:

$$IUC = DI \times MUC \times DUC \times AUC \times CF$$

De acordo cos ingresos ponderados da unidade de convivencia, a contía da axuda virá determinada pola seguinte táboa, tendo como referencia o Índice Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM) do exercicio do 2016: 7.455,14 € /ano que se refiren aos ingresos e o prezo do alugamento da vivenda:

<u>IUC</u>	<u>(% sobre o prezo de aluqueiro da vivenda)</u>
Ata 1,00 veces o IPREM	50 %
Dende 1,01 veces o IPREM ata 1,40 veces o IPREM	40 %
Dende 1,41 veces o IPREM ata 1,75 veces o IPREM	30 %
Dende 1,76 veces o IPREM ata 2 veces o IPREM	20 %

Unha vez avaliados os ingresos e determinado o importe da subvención que corresponda a cada persoa solicitante, a adxudicación da axuda individual farase en primeiro lugar, primando as persoas de menos ingresos económicos e en segundo as que teñan maior número de persoas menores ou maiores dependentes ao seu cargo.

En ningún caso, o total da subvención superará o 50% do importe de alugamento mensual da vivenda.

SÉTIMA.- PUBLICIDADE DA CONCESIÓN

Non será necesaria a publicación na BDNS no Taboleiro Municipal de Edictos nin na páxina web do Concello de Lugo das subvencións outorgadas ao amparo desta convocatoria porque son concedidas a persoas físicas afectadas por situacións de desvantaxe económica e social, e a súa difusión sería contraria ao respecto e salvagarda do seu honor e intimidade persoal e familiar

OITAVA.- DURACIÓN DA CONCESIÓN

A convocatoria destas subvencións poderá ser bianual. A subvención concédese por un período inicial de 12 meses, prorrogable ata un máximo de doce meses máis, con efectos 1 de xaneiro de 2018. Todo isto condicionado a que:

- Exista dispoñibilidade orzamentaria.
- A persoa solicitante cumpra os requisitos establecidos na base cuarta destas bases.

NOVENA.- LUGAR, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As persoas interesadas presentarán a súa solicitude en modelo normalizado (ANEXO I destas bases) debidamente asinada, no Rexistro da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo (EVISLUSA), sito na rúa Quiroga Ballesteros- Edificio Uxío Novoneyra- 3ª Planta; no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, contado dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria no BOP, por conduto da BDNS, na forma e nos termos previstos na Lei xeral de subvencións [artigo 17.3.b), 18 e 20.8. a] en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Así mesmo, publicaranse as bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Taboleiro de Edictos do Excmo. Concello de Lugo e na páxina web do Concello de Lugo (www.lugo.gal), debendo inserirse no "Portal de Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Lugo.

DÉCIMA.- DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR COAS SOLICITUDES

No expediente das persoas interesadas deberá figurar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

a) Xustificantes de datos persoais

- Fotocopia do DNI ou do pasaporte e permiso de residencia no caso de ser estranxeira, da persoa solicitante e dos membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.
- Fotocopia do/dos libro/s de familia, certificado de parella de feito ou partida de nacemento, segundo o caso.

b) Xustificantes de ingresos dos membros da unidade de convivencia:

A acreditación dos ingresos da unidade de convivencia realizarase mediante a achega da seguinte documentación:

Común a todos as persoas solicitantes:

- Fotocopia da declaración do IRPF (imposto sobre a renda das persoas físicas) da última declaración fiscal dispoñible de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos. No seu defecto, certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria acreditativa de non ter a obriga de presentala.
- Certificación de vida laboral expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.

Aquelas persoas que formando parte da unidade de convivencia, non estean obrigadas a presentar a declaración de IRPF e perciban rendas salariais, acreditarán os seus ingresos mediante a seguinte documentación:

Traballadores/as por conta allea:

- Certificación ou certificacións das empresas acreditativas das rendas salariais percibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria.

Desempregados/as:

- Certificación do Servicio Público de Empleo Estatal das prestacións percibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria ou certificación deste de non percepción de prestacións de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos.

- Se non son beneficiarios/as de prestación por desemprego: certificado da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das prestacións recibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria ou certificación deste de non percepción de prestacións de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos.

- Copia da tarxeta de demandante de emprego.

Pensionistas:

- Certificación acreditativa das cantidades percibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria. No caso de non percibir pensión e ser maior de 65 anos, certificación negativa de non percepción de pensión expedida pola Seguridade Social e certificación da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das prestacións recibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria.

En caso de separación ou divorcio:

- Extracto da conta bancaria onde consten os ingresos percibidos ou aboados, o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria, en concepto de pensión alimenticia e/ou compensatoria, e se non, denuncia xudicial por falta de pagamento actualizada. No suposto de aboamento de pensión compensatoria ou alimenticia, poderase acreditar tamén mediante descontos en nómina.

As persoas non incluídas nalgún dos parágrafos anteriores deberán achegar a documentación que acredite os ingresos percibidos durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria.

Aqueloutros que EVISLUSA considere convenientes para a valoración económica do expediente.

c) Xustificantes de arrendamento en vigor:

- Fotocopia do contrato de alugamento vixente na data de presentación da solicitude.

- Fotocopia dos 2 últimos recibos de alugamento. No caso de vir incluídos no importe do alugamento todos ou algúns dos gastos a que se refire a base quinta, parágrafo 2 desta convocatoria, xustificantes da persoa que exerce a presidencia da comunidade e/ou da persoa arrendadora nos que se detalle do alugamento os gastos non subvencionables.

d) Xustificantes de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias:

- Certificación da Axenda Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería Xeral da Seguridade Social, da Consellería de Facenda, de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.

e) Xustificantes de antigos/as residentes que desexen regresar a Lugo:

- Certificación ou xustificante que acredite o abandono do municipio (Padrón histórico do Concello de Lugo e copia dos contratos laborais ou certificado de empresa ou xustificante de estudos do período no que non estaba empadroadado/a no Concello de Lugo).

f) Xustificantes de separación ou divorcio:

- Fotocopia da sentenza xudicial de separación ou de divorcio e convenio regulador, ou medidas paterno-filiais, segundo o caso, na que conste o importe de pensión alimenticia e/ou compensatoria así como o uso da vivenda conxugal.

g) Xustificantes para presentar polas persoas sen vínculos familiares que conxuntamente habitan unha vivenda de forma habitual, permanente e estable:

- Declaración responsable da persoa arrendataria da vivenda acreditativa de que non se trata dun subarrendo.

h) Declaración responsable da unidade de convivencia na que faga constar que non se encontra inhabilitada nin está incurso ou afectada por ningunha das prohibicións para obter subvencións públicas, previstas no artigo 10 da Lei 7/2003, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nin o artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

i) Declaración responsable de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos na que faga constar que:

- Ningún membro da unidade de convivencia ten débeda pendente coa facenda estatal, autonómica nin municipal nin coa Seguridade Social.
- Non foi obxecto de desafiuzamento, lanzamento ou denegación de renovación de contrato de alugamento dunha vivenda de titularidade pública nos últimos cinco anos.
- Ningún membro da unidade de convivencia ten coa persoa arrendadora relación de parentesco ata o terceiro grao de consanguinidade ou afinidade inclusive.
- Ningún membro da unidade de convivencia dispón de vivenda en propiedade no municipio de Lugo ou de dereito real de uso e desfrute sobre outra vivenda na provincia de Lugo.
- A vivenda para a que se solicita a axuda constitúe ou vai constituír vivenda habitual.
- Ningún membro da unidade de convivencia está a recibir axudas ou subvención para a mesma finalidade que a destas bases.

DÉCIMO PRIMEIRA.- DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR COA SOLICITUDE DE PRÓRROGA

Durante o mes de novembro de 2018, a persoa solicitante deberá presentar a solicitude de prórroga para o segundo período segundo o modelo normalizado (anexo II).

Así mesmo, e con data límite 30 de novembro de 2018, deberá achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- Certificacións de todos os membros da unidade de convivencia de non ter débedas fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Tesourería Territorial da Seguridade Social.
- Xustificantes dos ingresos do último exercicio vencido e informe de vida laboral das persoas membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.
- Declaración responsable de cumprir todos os requisitos establecidos na antedita base cuarta.

A non presentación da solicitude de prórroga e da documentación dentro do prazo establecido será considerada como a renuncia á dita axuda.

A presentación da solicitude de subvención ou de prórroga implica a aceptación destas bases polas persoas interesadas.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da prórroga da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación desta resolución.

Logo de recibir toda a documentación, EVISLUSA comprobará que estes reúnen todos os requisitos recollidos nestas bases, realizará os informes previos de valoración dos ingresos ponderados, segundo estas bases, e calculará a contía da axuda que corresponde para a segunda anualidade.

DÉCIMO SEGUNDA.- INSTRUCIÓN DO PROCEDIMENTO

O procedemento para a concesión de subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza municipal reguladora de subvencións do Excmo. Concello de Lugo, coas seguintes precisións:

1.- A Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), encargada da tramitación dos expedientes, comprobará que estes reúnen todos os requisitos recollidos nestas bases. De non ser así, requiriráselle á persoa interesada que, nun prazo de dez días, achegue os documentos preceptivos ou corrixa as deficiencias, indicándolle que se non se fixese así, de acordo co artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se lle terá por desistida da súa petición, logo da resolución, que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da mesma lei.

2.- Rematado o prazo de admisión de solicitudes e de achega de documentación solicitada, os técnicos da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), realizarán, antes do fin do ano 2017, a inspección técnica das vivendas para informar sobre as súas condicións de habitabilidade, e realizará os informes previos de valoración dos ingresos ponderados, segundo estas bases, e calculará a contía da axuda que corresponde.

3.- A comisión de avaliación, constituída para o efecto, terá a seguinte composición:

PRESIDENTE/A:

Un/Unha técnico/a adscrita ao servizo de Benestar social Igualdade e Inclusión ou persoal que o substitúa.

VOGAIS:

- A persoa que desempeñe o posto de Director Xerente de EVISLUSA, con voz e sen voto.
- Arquitecta/o de EVISLUSA, (aparellador) con voz e sen voto.

Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaria) ou persoa que o substitúa.

- Un/Unha técnico/a do Servizo de Intervención ou persoal que o substitúa.
- Un/Unha técnico/a adscrita ao servizo de Benestar social Igualdade e Inclusión ou persoal que o substitúa.

SECRETARIO/A: un/unha funcionario/a municipal e que levantará acta da xuntanza da comisión avaliadora.

Correspóndelle a esta comisión avaliadora a realización das seguintes funcións:

- Coñecer e aprobar o informe de avaliación elaborado por EVISLUSA sobre o número de solicitudes presentadas, as valoradas, as incidencias nas valoracións, as puntuacións e as contías das subvencións propostas.

- Requirir, se fose necesario, documentación e/ou informes complementarios.

Correspóndelle á unidade administrativa elevar, en consonancia co informe da comisión, a correspondente proposta de resolución ao órgano competente para resolver o procedemento.

DÉCIMO TERCEIRA.- ÓRGANO COMPETENTE PARA RESOLVER E PRAZO DE RESOLUCIÓN

No referente ao órgano competente para resolver o procedemento dos expedientes de subvencións en réxime de concorrencia competitiva estarase ao disposto no réxime competencial vixente e correspondente ao Concello de Lugo.

O prazo para resolver é de un mes contado a partir da data de emisión do informe pola comisión avaliadora. Esta resolución terá que ser motivada segundo establece o artigo 29 da Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, contados a partir do día seguinte ao do remate para a presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución lexitima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso ante o órgano que a ditou ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

Unha vez notificada a resolución, a aceptación da subvención por parte das persoas solicitantes, entenderase efectuada se, no prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte hábil ao da notificación da subvención, aqueles non renunciaron a ela mediante escrito dirixido á Empresa Municipal de Vivenda e Solo (EVISLUSA).

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Non se admitirá reformulación das solicitudes.

DÉCIMO CUARTA.- FORMA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN. PAGAMENTO

O Concello de Lugo transferiralle á persoa beneficiaria o importe da axuda concedida durante o tempo de vixencia desta, tras a proposta de pagamento presentada por EVISLUSA que deberá levar un libro contable específico por cada axuda e para a totalidade do programa.

Para proceder ao aboamento da subvención, a persoa beneficiaria deberá entregar nas oficinas de EVISLUSA todos os meses, coa data límite do día 12 (incluído), o orixinal do documento bancario que acredite o pago realizado á/ao propietaria/o en concepto de alugamento mensual da vivenda. Se transcorrido o citado prazo non se achegase o xustificante correspondente, perderase o dereito a que lle sexa aboada a subvención dese mes, salvo causas de forza maior debidamente xustificadas.

Soamente se consideran válidos os documentos bancarios nos que se acredite o pagamento da totalidade do alugamento mensual, con indicación da persoa titular da subvención, propietaria da vivenda, concepto, mensuralidade e prezo de alugamento.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

DÉCIMO QUINTA.- CAUSAS DE REVOGACIÓN E REINTEGRO DA AXUDA

Procederá a revogación da subvención e o reintegro das cantidades percibidas, ademais da esixencia do xuro legal que resulte da aplicación dende o momento do aboamento da subvención, cando concorran algunha das circunstancias que se detallan a continuación:

- A achega de datos falsos que induzan a erro na documentación presentada e na correspondente resolución.

- O incumprimento das obrigas estipuladas na base decimo sétima.
- A non achega do correspondente xustificante de aboamento da renda mensual de alugamento durante tres mensualidades consecutivas ou seis alternas.
- En xeral, o incumprimento de calquera outra estipulación ou obriga contida nestas bases ou na Ordenanza municipal do Concello de Lugo reguladora da concesión de subvencións.

DÉCIMO SEXTA.- COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Ningunha das persoas que habitan a vivenda obxecto da subvención poderá recibir subvención nin axuda económica estatal, autonómica nin municipal en concepto de vivenda mentres perciba a subvención obxecto destas bases, nin de calquera outro programa privado de axuda ao alugueiro. Quedan excluídas deste requisito:

- Os perceptores de pensións non contributivas que se beneficien do complemento fixado no Real decreto 1191/2012, do 3 de agosto, polo que se establecen as normas para o recoñecemento do complemento de pensión para o alugueiro de vivenda a favor dos pensionistas da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva.

DÉCIMO SÉTIMA.- OBRIGAS DAS PARTES

As persoas beneficiarias das axudas de alugamento asumirán os seguintes compromisos:

- O aboamento mensual, á/ao arrendadora/or, da renda establecida.
- Destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente.
- Autorizarlle a EVISLUSA para que inspeccione a vivenda co fin de comprobar o uso axeitado desta.
- O mantemento da vivenda en condicións axeitadas de hixiene e salubridade.
- A comunicación a EVISLUSA por escrito calquera eventualidade ou cambio nos datos achegados para a concesión da subvención, referidos á redución ou incremento do número de integrantes da unidade de convivencia, o cambio de domicilio e calquera variación no importe do alugueiro. Adquisición da nacionalidade española. No caso de cambio de domicilio, os técnicos de EVISLUSA farán a correspondente inspección técnica da vivenda para verificar o seu cumprimento.
- Manterse ao corrente no pagamento de tributos (impostos, taxas, contribucións especiais), prezos públicos e sancións do Concello de Lugo.
- Non percibir, durante o período de desfrute da subvención, outras axudas ou subvencións xestionadas por outras administracións que repercutan no mesmo concepto. Exceptúase desta incompatibilidade o previsto para os perceptores de pensións non contributivas na cláusula décimo sexta.
- A persoa arrendataria non poderá subarrendar a vivenda nin alugar habitacións dela.
- Achegar calquera documentación necesaria, e que fose requirida polo Concello ou EVISLUSA, para o seguimento da subvención.
- Unha vez alugada a vivenda, todos os membros da unidade de convivencia deberán actualizar o seu empadramento achegando o correspondente certificado de padrón.
- Dispoñer dunha conta bancaria co obxecto de percibir as transferencias correspondentes en concepto de subvención.

O Concello asumirá o compromiso de aboarlle mensualmente á persoa beneficiaria da subvención a cantidade aprobada como axuda para o alugamento.

DECIMO OITAVA.- XESTIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS, CONTROL DAS SUBVENCIÓNS, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Para o non previsto nestas bases, estarase ao disposto nos artigos 30 a 40, ambos os dous incluídos, da Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, xeral de subvencións.

DECIMO NOVENA.- RECURSOS

As persoas interesadas poderán interpoñer contra estas bases recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que lles preste a súa aprobación ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Xulgado de Lugo da dita xurisdición, contándose ambos os dous prazos dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial de Provincia.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Autorízase a publicación de materiais informativos e divulgativos deste programa de fomento da vivenda en alugamento.

ANEXOS I, II e III.

ANEXO I

 Concello de Lugo	
SOLICITUDE DE AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA	

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:			NIF/NIE:	
ENDEREZO:			CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	
<input type="checkbox"/> Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.				

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:			NIF/NIE:	
TELÉFONO:		CORREO ELECTRÓNICO:		
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:				

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO:			CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	ENDEREZO DE NOTIFICACIÓN TELEMÁTICA:		

MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA

NOME E APELIDOS	PARENTESCO	ESTADO CIVIL	DATA DE NACEMENTO	DNI

SOLICITA

AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA

Lugo,..... de de 2017

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Asdo.:

DECLARA RESPONSABLEMENTE que:

- Todos os membros da súa unidade de convivencia residen e están empadroados no termo municipal de Lugo, e a persoa solicitante, ademais, está empadroada cunha antigüidade mínima de UN ANO con anterioridade á data da convocatoria.

- Ningún membro da unidade de convivencia optou a outras axudas concedidas por organismos oficiais para adquisición ou alugamento de vivenda, e que non é beneficiaria/o de ningún outro programa público ou privado de axudas ao alugamento de vivendas, coa excepción do contemplado na base décimo sexta das bases reguladoras.

- Non foi obxecto de desafuzamento, lanzamento ou denegación de renovación de contrato de alugamento dunha vivenda de titularidade pública nos últimos cinco anos.

-Ningún membro da unidade de convivencia ten coa persoa arrendadora relación de parentesco ata o terceiro grao de consanguinidade ou afinidade inclusive.

- A vivenda está en boas condicións de habitabilidade e que reúne os requisitos esixidos nestas bases.

- A vivenda para a que se solicita a axuda constitúe a súa vivenda habitual.

- Todos os membros da unidade de convivencia non teñen débedas pendentes nin coa Facenda Estatal, Facenda Autonómica, Seguridade Social, nin co Concello de Lugo.

- Non se atopa inhabilitada nin incurso en ningunha das prohibicións para a obtención da subvención previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Ningún membro da unidade de convivencia dispón de vivenda en propiedade no municipio de Lugo ou de dereito real de uso e disfrute sobre outra vivenda na provincia de Lugo.

- Os datos expresados nesta solicitude son certos, polo que se fai responsable das inexactitudes ou erros que conteña.

- Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo para comprobar e verificar os datos e informacións declaradas.

Lugo,.....de.....de 2017

(Sinatura da persoa solicitante e de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos)

Conforme ao establecido na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os datos que se solicitan neste formulario pasarán a formar parte dun ficheiro debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos. Coa firma deste formulario vostede presta consentimento para o tratamento destes. Pode exercer os dereitos de oposición, acceso, rectificación e cancelación dirixíndose á Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA) coa súa solicitude e fotocopia do seu DNI.

XUSTIFICANTES DOCUMENTAIS PARA PRESENTAR COA SOLICITUDE:

- Fotocopia do DNI ou do pasaporte e permiso de residencia no caso de ser estranxeira, da persoa solicitante e dos membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos. Fotocopia do/s libro/s de familia, certificado de parellas de feito ou partidas de nacemento, segundo o caso.

- Certificacións acreditativas de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias fronte á Axenda Estatal da Administración Tributaria, á da Tesourería Xeral da Seguridade Social, da Consellería de Facenda de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos.

a) De ingresos:

- Fotocopia da declaración do IRPF (imposto sobre a renda das persoas físicas) da última declaración fiscal dispoñible de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos. No seu defecto, certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria acreditativa de non ter a obriga de presentala.

- Certificación de vida laboral expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.

Aquelas persoas que formando parte da unidade de convivencia non estean obrigadas a presentar a declaración de IRPF e perciban rendas salariais, acreditarán os seus ingresos mediante a seguinte documentación:

Traballadores/as por conta allea:

- Certificación ou certificacións das empresas acreditativas das rendas salariais percibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria.

Desempregados/as:

- Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal das prestacións percibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria ou certificación deste de non percepción de prestacións de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos.

- Se non son beneficiarios/as de prestación por desemprego: certificado da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das prestacións recibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria ou certificación deste de non percepción de prestacións de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos.

- Copia da tarxeta de demandante de emprego.

Pensionistas:

- Certificación acreditativa das cantidades percibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria. No caso de non percibir pensión e ser maior de 65 anos, certificación negativa de non percepción de pensión expedida pola Seguridade Social e certificación da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das prestacións recibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria.

En caso de separación ou divorcio:

- Extracto da conta bancaria onde consten os ingresos percibidos ou aboados o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria, en concepto de pensión alimenticia e/ou compensatoria e, se non, denuncia xudicial por impago actualizada. No suposto de aboamento de pensión compensatoria ou alimenticia poderase acreditar tamén mediante descontos en nómina.

As persoas non incluídas nalgún dos parágrafos anteriores deberán achegar a documentación que acredite os ingresos percibidos durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria.

Calquera outro que EVISLUSA considere conveniente para a valoración económica do expediente.

b) Xustificantes de arrendamento en vigor:

-Fotocopia do contrato de alugamento vixente na data de presentación da solicitude.

-Fotocopia dos dous últimos recibos de alugamento. No caso de vir incluídos no importe do alugamento todos ou algúns dos gastos a que se refire a base quinta, parágrafo segundo desta convocatoria, xustificantes da persoa que exerce a presidencia da comunidade e/ou da persoa arrendadora detallando do alugamento os gastos non subvencionables.

c) Xustificantes de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias:

- Certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería Xeral da Seguridade Social, da Consellería de Facenda, de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.

d) Xustificantes de antigos/as residentes que desexen regresar a Lugo:

- Certificación ou xustificante que acredite o abandono do municipio (Padrón histórico do Concello de Lugo e copia dos contratos laborais ou certificado de empresa ou xustificante de estudos do período no que non estaba empadroad/a no Concello de Lugo).

e) Xustificantes de separación ou divorcio:

- Fotocopia da sentenza xudicial de separación ou de divorcio e convenio regulador, ou medidas paterno-filiais, segundo o caso, na que conste o importe de pensión alimenticia e/ou compensatoria así como o uso da vivenda conxugal.

f) Xustificantes para presentar polas persoas sen vínculos familiares que conxuntamente habitan unha vivenda de forma habitual, permanente e estable:

- Declaración responsable da persoa arrendataria da vivenda acreditativa de que non se trata dun subarrendo.
- Aqueloutros documentos que se consideren necesarios.

ANEXO II

 Concello de Lugo	
SOLICITUDE DE PRÓRROGA DA AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA	

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS:		NIF/NIE:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
<input type="checkbox"/> Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

SOLICITA

A PRÓRROGA DA AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA PARA O SEGUNDO PERÍODO

- Declaro responsablemente que:

- Todos os membros da miña unidade de convivencia cumpren todos os requisitos establecidos na base cuarta das reguladoras da concesión de subvencións para alugamento de vivendas en Lugo. Exercicio económico 2017.

- Non se solicitan nin se reciben outras axudas para adquisición ou alugamento de vivenda, e que non son persoa beneficiaria de programa público ou privado de axudas ao alugamento de vivendas.

- Non son persoa inhabilitada nin incurso nas causas de prohibicións para a obtención da subvención previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Todos os datos expresados nesta solicitude son certos, polo que me fago responsable das inexactitudes ou erros que conteña.

Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo a comprobar a verificación dos datos e informacións declaradas, así como a de non ter débedas fiscais.

Lugo, de de 2018

(Sinatura da persoa solicitante e todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos)

Asdo.:_____

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR CON ESTA SOLICITUDE:

- Certificacións de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos de non ter débedas fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Tesourería Territorial da Seguridade Social.

- Xustificantes dos ingresos do último exercicio vencido e informe de vida laboral das persoas membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.

De acordo coa Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os datos que se solicitan neste formulario pasarán a formar parte dun ficheiro debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos. Coa firma deste formulario vostede presta consentimento para o tratamento destes. Pode exercer os dereitos de oposición, acceso, rectificación e cancelación dirixíndose á Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), coa súa solicitude e fotocopia do seu DNI.

ANEXO III

 Concello de Lugo	
RENUNCIA EXPLÍCITA Á PRÓRROGA DA AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA	

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELLIDOS:			NIF/NIE:	
ENDEREZO:			CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	

PRESENTO A RENUNCIA Á PRÓRROGA DA AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA PARA O SEGUNDO PERÍODO ANUALIDADE 2017
--

E para que conste e produza os efectos oportunos asino esta renuncia.

Lugo, de de 2018
(Sinatura da persoa solicitante)

Asdo.:_____”

De acordo coa Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámola/o de que os datos que se solicitan neste formulario pasarán a formar parte dun ficheiro debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos. Coa firma deste formulario vostede presta consentimento para o tratamento destes. Pode exercer os dereitos de oposición, acceso, rectificación e cancelación dirixíndose á Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVLUSA) coa súa solicitude e fotocopia do seu DNI.”

CUARTO.- O texto destas bases publicarase integramente no Boletín Oficial de Provincia de Lugo (BOP); no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Lugo; se ben a publicación do extracto da convocatoria no BOP, por conduto da BDNS, será a data para ter en conta para os efectos de presentación de solicitudes,

QUINTO.- Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.

- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer ante a Xunta de Goberno Local o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo das administracións públicas (BOE núm. 236, de 02/10/2015), no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

- No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 123.2 da Lei 39/2015).”

O que se fai público para xeral coñecemento, as persoas interesadas poderán presentar as solicitudes que estimen oportunas no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP, por conduto da BDNS.

R. 3501

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Aprobado inicialmente o Padrón do Imposto sobre Actividades Económicas deste Concello, correspondente ao ano 2017, dispónse o sometemento a exposición pública, polo prazo de 15 días hábiles desde o seguinte á publicación deste anuncio. De non presentarse alegacións no período de exposición pública, entenderanse aprobados definitivamente os indicados Padróns.

De conformidade co disposto no Art. 24 de Regulamento Xeral de Recadación, faise público o período voluntario de cobranza.

1. Importe do Padrón de Actividades Económicas: 120.133 euros.

2.O período de recadación en voluntaria realizarase entre o 1 de novembro e o 31 de decembro de 2017.

O pago poderá efectuarse na entidade colaboradora Abanca.

Os recibos domiciliados serán cargados directamente nas contas sinaladas polos contribuíntes. Advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso as costas que se produzan.

Réxime de recursos: Conforme ao disposto no artigo 14 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer Recurso de Reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública do Padrón. Devandito recurso entenderase desestimado se non recaese resolución expresa no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa presentación. Contra a resolución do Recurso de Reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado competente do Contencioso-Administrativo nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa Administrativa. Non poderá compaxinarse a interposición de ambos os recursos.

En Outeiro de Rei, a 17 de novembro de 2017

R. 3472

PANTÓN*Anuncio*

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 31 de agosto de 2017, sobre transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, como segue a continuación:

BAIXA EN PARTIDAS DE GASTOS

PARTIDA	DENOMINACION	CREDITO INICIAL	DIMINUACION
450.623	Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe	20.000	14.000
TOTAL			14.000

ALTAS EN PARTIDAS DE GASTOS

ARTIGO	DENOMINACION	CREDITO INICIAL	AUMENTO
161.213	Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe	12.000	14.000
TOTAL			14.000

Pantón, a 17 de novembro de 2017.- O Alcalde, José Luis Alvarez Blanco

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 31 de agosto de 2017, sobre transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, como segue a continuación:

BAIXA EN PARTIDAS DE GASTOS

PARTIDA	TRANSFERENCIA
337.609	8.000
340.625	1.000
450.623	1.000
TOTAL	10.000

ALTAS EN PARTIDAS DE GASTOS

ARTIGO	TRANSFERENCIA
171.625	10.000
TOTAL	10.000

Pantón, a 17 de novembro de 2017.- O Alcalde, José Luis Alvarez Blanco

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza municipal reguladora do Imposto de Bens Inmóbles do Concello de Pantón, cuxo texto íntegro faise público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Contra o presente Acordo, interporase recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ORDENANZA FISCAL Nº 7 REGULADORA DO IBI**Artigo 1.º .- Fundamento e réxime**

De acordo ó establecido no artigo 59 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Pantón establece o imposto sobre bens inmóbles, cumprindo así o mandato imperativo contido no dito artigo.

O imposto sobre bens inmóbles rexerese neste municipio:

a) Polas normas reguladoras deste, contidas no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.

b) Pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º.- Natureza

O imposto sobre bens inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos no RDLex 2/2004, de 5 de marzo, e na presente ordenanza.

Artigo 3º.-Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible do imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos a que se atopen afectos.

b) Dun dereito real de superficie.

c) Dun dereito real de usufruto.

d) Do dereito de propiedade.

2. A realización do feito imponible que corresponda, de entre os definidos no apartado anterior pola orde establecida no mesmo, determinará a non suxeición do inmovible urbano ou rústico ás restantes modalidades no mesmo previstas. Nos inmobles de características especiais aplicarase esta mesma prelación, salvo cando os dereitos de concesión que podan recaer sobre o inmovible non esgoten a súa extensión superficial, suposto no que tamén se realizará o feito imponible polo dereito de propiedade sobre a parte do inmovible non afectada por unha concesión.

3. No caso de que un mesmo inmovible se atope localizado en distintos termos municipais, entenderase, para os efectos deste imposto, que pertence a cada un deles pola superficie que ocupe no respectivo termo municipal.

Artigo 4º.-Clases de bens inmobles para os efectos do imposto

1.-Terán a consideración de ben inmovible a parcela ou porción de solo dunha mesma natureza, encravada nun termo municipal e pechada por unha liña poligonal que delimita, para tales efectos, o ámbito espacial do dereito de propiedade dun propietario ou de varios pro indiviso e, no seu caso, as construcións emprazadas no dito ámbito, calquera que sexa o seu dono, e con independencia doutros dereitos que recaian sobre do inmovible.

2.-Terán tamén a consideración de bens inmobles:

a) Os diferentes elementos privativos das edificacións que sexan susceptibles de aproveitamento independente, sometidos ó réxime especial de propiedade horizontal, así coma o conxunto constituído por diferentes elementos privativos mutuamente vinculados e adquiridos en unidade de acto e, nas condicións que determinen os regulamentos de desenvolvemento do Real Decreto 1/2004, Texto refundido da Lei de Catastro Inmobiliario, os trasteiros e prazas de estacionamento en pro indiviso adscritos ó uso e goce exclusivo e permanente dun titular. A atribución dos elementos comúns ós respectivos inmobles, ós simples efectos da súa valoración catastral, realizarase na forma que se determine no devandito desenvolvemento regulamentario.

b) O ámbito espacial dunha concesión administrativa e dun dereito de superficie sobre dos bens inmobles ou sobre dos servizos públicos ós que se atopen afectos.

c) Os bens inmobles de características especiais.

3.-Os bens inmobles clasifícanse catastralmente en urbanos, rústicos ou de características especiais. O carácter urbano ou rústico do inmovible dependerá da natureza do solo.

4.-Enténdese por solo de natureza urbana o clasificado polo planeamento urbanístico coma urbano, o que teña a consideración de urbanizable segundo o planeamento e estea incluído en sectores, así coma o resto do solo clasificado como urbanizable a partir do momento de aprobación do instrumento urbanístico que o desenvolva, e o que reúna as características contidas no artigo 8 da Lei 6/1998, de 13 de abril, sobre Réxime do Solo e Valoracións. Terán a mesma consideración aqueles solos nos que se poidan exercer facultades urbanísticas equivalentes ós anteriores segundo a lexislación da Comunidade Autónoma de Galicia vixente.

Exceptúase da consideración de solo urbano o que integre os bens inmobles de características especiais.

5.-Enténdese por solo de natureza rústica aquel que non sexa de natureza urbana nin estea integrado nun ben inmovible de características especiais.

6.-Terán a consideración de construcións:

a) As edificacións, sexan cal sexan os materiais dos que estean construídas e o uso ó que se destinen, sempre que se atopen unidos permanentemente ó solo e con independencia de que se alcen sobre da súa superficie ou se atopen encravados no subsolo e de que poidan ser transportados ou desmontados.

b) As instalacións industriais, comerciais, deportivas de recreo, agrícolas, gandeiras, forestais e piscícolas de auga doce, considerándose coma tales, entre outros, os diques, tanques, zonas de carga, peiraos, pantaláns e invernadoiros, e excluíndose, en todo caso, a maquinaria e os útiles.

c) As obras de urbanización e de mellora, tales coma as explanacións, e as que se realicen para o uso dos espazos descubertos, coma son os recintos destinados a mercados, os depósitos ó aire libre, os campos para a práctica do deporte, os estacionamentos e os espazos anexos ou accesorios ós edificios e instalacións.

Non terán a consideración de construcións aquelas obras de urbanización ou mellora que determinen os regulamentos de desenrolo da Lei do Catastro Inmobiliario, sen prexuízo de que o seu valor se deba incorporar ó do ben inmovible coma parte inherente ó valor do solo, nin os cubertos ou alpendres de escasa entidade.

7.-Os bens inmovibles de características especiais constitúen un conxunto complexo de uso especializado, integrado por solo, edificacións, instalacións e obras de urbanización e mellora que, polo seu carácter unitario e por estar ligado de xeito definitivo para o seu funcionamento, se configura para os efectos catastrais coma un único ben inmovible.

Considéranse bens inmovibles de características especiais os comprendidos nos seguintes grupos:

a) Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ó refinado de petróleo, e as centrais nucleares.

b) As presas, saltos de auga e encoros, incluído o seu leito ou vaso, excepto as destinadas en exclusiva ó regadío.

c) As autopistas, estradas e túneles de peaxe.

d) Os aeroportos e portos comerciais.

A efectos da inscrición destes inmovibles no Catastro e da súa valoración non se excluírá a maquinaria integrada nas instalacións, nin aquela que forme parte das mesmas ou que estea vinculada funcionalmente a elas.

E lo coas especificacións contidas no artigo 23 do Regulamento de desenrolo do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto 417/2006 de 7 de abril, na súa redacción dada pola Sentenza do Tribunal Supremo de 30 de maio de 2007.

Artigo 5º. Supostos de non suxeición

Non están suxeitos ó imposto:

- As estradas, os camiños, as demais vías terrestres e os bens de dominio público marítimo-terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuito.

- Os seguintes bens inmovibles propiedade deste Concello:

a) Os de dominio público afectos ó uso público.

b) Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo Concello e os bens patrimoniais, excepto cando se trate de inmovibles cedidos a terceiros mediante contraprestación.

Artigo 6º.-Exencións

1.-Estarán exentos os seguintes inmovibles:

a) Os que sexan propiedade do Estado, das comunidades autónomas ou dos entes locais que estean directamente afectos á seguridade cidadá e ós servizos educativos e penitenciarios, así coma os que sexan propiedade do Estado afectos á defensa nacional.

b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común.

c) Os da Igrexa católica, nos termos previstos no Acordo entre o Estado español e a Santa Sede sobre asuntos económicos, do 3 de xaneiro de 1979, e os das asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos acordos de cooperación subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución.

d) Os da Cruz Vermella Española.

e) Os inmovibles ós que sexa de aplicación a exención en virtude de convenios internacionais en vigor e, a condición de reciprocidade, os dos Gobernos estranxeiros destinados á súa representación diplomática, consular ou ós seus organismos oficiais.

f) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, que teñan coma aproveitamento principal a madeira e a cortiza, sempre que a densidade do arborado sexa a propia ou normal da especie de que se trate.

g) Os terreos ocupados polas liñas de ferrocarrís e os edificios encravados nos mesmos terreos, que estean dedicados a estacións, almacéns ou a calquera outro servizo indispensable para a explotación das ditas liñas. Non están exentos, polo tanto, os establecementos de hostalería, espectáculos, comerciais e de ocio, as casas destinadas a vivendas dos empregados, as oficinas da dirección nin as instalacións fabrís.

2.-Igualmente, previa solicitude, que deberá ser presentada antes da data do devengo, incluíndo a acreditación do cumprimento dos requisitos esixibles para a aplicación da exención, estarán exentos:

a) Os bens inmobles que se destinen ó ensino por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ó réxime de concerto educativo, en canto á superficie afectada ó ensino concertado. Esta circunstancia acreditarase mediante:

- Certificado da Administración educativa correspondente, acreditativa da condición de centro concertado, asinable ós edificios e instalacións destinadas directa e exclusivamente ás actividades docentes obxecto de concerto.

- Informe da Dirección Xeral do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria acreditativo das superficies dos edificios ou conxuntos urbanísticos, adscritos exclusivamente á actividade educativa ou a servizos complementarios da ensinanza e de asistencia docente de carácter necesario, coa indicación do valor catastral asignado a cada un dos elementos citados.

Esta exención deberá ser compensada pola Administración competente.

b) Os declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante Real decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, e inscritos no rexistro xeral a que se refire o artigo 12 como integrantes do Patrimonio Histórico Español, así coma os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta da dita lei.

Esta exención terá os límites previstos no artigo 62.2.b) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por RDLex. 2/2004.

c) A superficie dos montes nos que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas suxeitas a proxectos de ordenación ou plans técnicos aprobados pola Administración forestal. Esta circunstancia acreditarase mediante certificación acreditativa emitida pola Delegación Provincial da Dirección Xeral de Montes. Esta exención terá unha duración de 15 anos, contados a partir do período impositivo seguinte a aquel no que se realice a súa solicitude

3. Están exentos os bens inmobles situados no termo municipal deste Concello dos que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean afectos ó cumprimento dos fins específicos dos referidos centros. Esta circunstancia documentarase mediante certificado do organismo titular do centro sanitario, acreditando a afectación do centro ao cumprimento dos fins específicos destes.

4. Por último, e segundo o establecido no título I, capítulo III, artigo 15, da Lei 49/2002, do 23 de decembro, do Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, estarán exentos os bens dos que sexan titulares as entidades sen fins lucrativos, excepto os afectos a explotacións económicas non exentas do imposto sobre sociedades. Para gozar da exención, as ditas entidades deberán comunicar ó Concello, antes da data do devengo do imposto, a opción regulada no artigo 14.1. da Lei 49/2002.

5. Gozarán, así mesmo, de exención, ó abeiro da habilitación contida no artigo 62.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, por motivos de eficiencia e economía na xestión recadatoria, os inmobles de natureza urbana e rústica, sempre que a cota líquida, resultante da aplicación dos beneficios fiscais, sexa inferior a 3 euros (para inmobles de natureza urbana) e 2,50 euros (para inmobles de natureza rústica). No caso de que tódalas cotas dun suxeito pasivo relativas os bens rústicos que posúa no concello estean agrupadas nun único documento de cobro, tomarase como referencia esta cota agrupada aos efectos de aplicar esta exención. Os bens inmobles de características especiais non estarán exentos por esta causa en ningún caso.

Artigo 7.º .-Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que teñan a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto, conforme ó disposto nesta ordenanza fiscal.

No caso de bens inmobles de características especiais, cando a condición de contribuínte recaia en un ou varios concesionarios, cada un deles o será pola súa cota, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie concedida e á construción ou parte do inmovible directamente vinculada a cada concesión.

Para esa mesma clase de inmobles de características especiais, cando o propietario teña a condición de contribuínte en razón da superficie non afectada polas concesións, actuará como substituto do mesmo o Ente ou Organismo Público ao que se refire o parágrafo segundo do número 1 do artigo 63 do Texto Refundido de Facendas Locais de 5 de marzo de 2004 na súa redacción dada pola Lei 16/2007, o cal non poderá repercutir no contribuínte o importe da débeda presupostaria satisfeita.

O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

As Administracións Públicas e os entes ou organismos considerados suxeitos pasivos, repercutirán a parte da cota líquida do imposto que corresponda, en quen non reunindo a condición de suxeitos pasivos, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais, os cales estarán obrigados a soportar a repercusión, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e a construción directamente vinculada a cada arrendatario ou cesionario do dereito de uso.

Artigo 8.º.-Afección real e responsabilidade

1.-Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible deste imposto, os bens inmoables obxecto dos ditos dereitos quedarán afectos ó pagamento da totalidade da cota tributaria, en réxime de responsabilidade subsidiaria, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria.

2.-Para os efectos anteditos, os notarios solicitarán información e advertirán expresamente aos comparecentes nos documentos que autoricen sobre as débedas pendentes polo Imposto de Bens Inmoables asociadas ao inmoable que se transmite, sobre o prazo dentro do cal están obrigados os interesados a presentar declaración do imposto, cando tal obrigación se manteña por non terse aportado a referencia catastral do inmoable, conforme o apartado 2 do artigo 43 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias, sobre a afección dos bens ao pago da débeda tributaria e, asómesmo, sobre as responsabilidades en que incorran pola falta de presentación de declaracións, o non efectualas en prazo ou a presentación de declaracións falsas, incompletas ou inexactas, conforme o previsto no artigo 70 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias.

3.-Responderán de xeito solidario da cota deste imposto, i en proporción ás súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, se figuran inscritos coma tales no Catastro Inmobiliario. De non figurar inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

Artigo 9.º.-Base imponible

A base imponible deste imposto estará constituída polo valor catastral dos bens inmoables, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme o disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

A base imponible dos bens inmoables de características especiais non terá redución de forma xeral, salvo o disposto no artigo 67.2 do TRLRFL na súa redacción dada pola Lei 16/2007.

Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e do xeito que a Lei prevea.

Artigo 10.º.-Base liquidable

1.-A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponible a redución á que se refiren os artigos 67, 68, 69 e 70 do RDL. 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A base liquidable nos bens inmoables de características especiais, coincidirá coa base imponible, salvo as específicas aplicacións que prevea a lexislación

2.-A base liquidable notificarase conxuntamente coa imponible nos procedementos de valoración colectiva. A dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base que corresponda ó inmoable, así coma dos importes da dita redución e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do novo valor catastral neste imposto.

Sen prexuízo do anterior, que será aplicable nos procedementos de valoración colectiva de carácter xeral, nos caos de carácter parcial e simplificado, a motivación consistirá na expresión dos datos indicados no parágrafo anterior, referidos ao exercicio no que se practique a notificación.

3.-Nos procedementos de valoración colectiva, a determinación da base liquidable será competencia da Dirección Xeral do catastro e recorrible perante os tribunais económico-administrativos do Estado

Artigo 11.º.-Cota íntegra

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame ó que se refire o artigo 13º desta ordenanza.

Artigo 12.º.-Cota líquida

A cota líquida deste imposto será o resultado de minora-la cota íntegra co importe das bonificacións previstas nos artigos seguintes.

Artigo 13º.-Tipo de gravame

Os tipos de gravame aplicables en este municipio serán os seguintes:

- a) Bens inmuebles de natureza urbana: 0,49 por cento.
- b) Bens inmuebles de natureza rústica: 0,49 por cento.
- c) Bens inmuebles de características especiais: 1,30 por cento.

Artigo 14.º .-Bonificacións

1. Gozarán dunha bonificación do 50 por cento na cota íntegra do imposto, sempre que así o soliciten os interesados antes do inicio das obras, os inmuebles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e que non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel no que comecen as obras ata o posterior ó remate destas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos. A solicitude de bonificación débese formular antes do comezo das obras, entendendo por tal o momento de outorgamento da licenza, por parte da Administración municipal.

Para gozar da devandita bonificación os interesados deberán presentar a documentación seguinte:

- a) Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.
- b) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante certificación do administrador da sociedade ou fotocopia do último balance presentado ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria, para os efectos do imposto sobre sociedades.
- c) Copia da solicitude de licenza de obra, se non se presenta simultaneamente.
- d) Copia do documento de alta na actividade económica de construción ou promoción inmobiliaria no imposto sobre actividades económicas.
- e) Certificación do técnico-director das obras de construción, visado polo colexio oficial competente, no que se indique a data de inicio das obras.

2. As vivendas de protección oficial e as equiparables a estas segundo a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia, gozarán dunha bonificación do 50 por cento durante o prazo de tres períodos impositivos, contados desde o período seguinte ao do outorgamento da cualificación definitiva. Esta bonificación terá que ser solicitada polo interesado en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración daquela e producirá efectos desde o período seguinte ó da solicitude.

Ó longo dos dous períodos cuarto e quinto seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 25% na cota íntegra do imposto, sempre que se manteña a titularidade do inmovible e este constitúa a residencia do titular.

Esta bonificación deberá solicitarse en calquera momento anterior á terminación dos cinco períodos, producindo efectos, en todo caso, desde o período seguinte ó da solicitude.

Os solicitantes presentarán a cédula de cualificación definitiva como vivenda de protección oficial do inmovible, a documentación acreditativa da titularidade do devandito inmovible, copia que acredite a presentación do modelo 901 de alteración de titularidade catastral, e facilitarase, en todo caso, a referencia catastral do inmovible.

Non haberá dereito a bonificación a partir do sexto exercicio, inclusive, desde o de outorgamento da cualificación definitiva.

3.-Terán dereito a unha bonificación do 95 por cento da cota íntegra e, no seu caso, do recargo provincial, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre o réxime fiscal das cooperativas.

Os solicitantes presentarán o certificado sobre a condición de cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra, emitido pola administración correspondente.

4.1. De conformidade co establecido no artigo 74.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, gozarán dunha bonificación do 50 por cento na cota íntegra do imposto, nos termos previstos neste apartado, aqueles suxeitos pasivos, que ostentando a condición de familia numerosa, sexan suxeitos pasivos do imposto dunha única vivenda que se corresponda coa vivenda habitual da mesma.

4.2. Para a determinación desta bonificación resultarán de aplicación as seguintes regras:

1º. Para a determinación do concepto fiscal de vivenda será de aplicación o artigo 54 do Regulamento do IRPF aprobado polo RD439/2007, de 30 de marzo.

2ª. A condición de familia numerosa, deberá acreditarse mediante a presentación do correspondente Título/Libro oficial de familia numerosa expedido pola Xunta de Galicia, ou calquera documentación equivalente, sempre que tódolos membros da unidade familiar estean empadroados en Pantón.

3ª. A solicitude de bonificación que surtirá efecto no exercicio seguinte a aquel no que se solicite, deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- a) Documento Nacional de Identidade.
- b) Fotocopia compulsada do Libro de Familia e do Título de Familia Numerosa .
- c) Certificado de empadramento.

4ª. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a comunicar as variacións que se produzan e que teñan transcendencia a efectos desta bonificación, nos termos que se establezan ao efecto.

5ª. No caso de non cumprirse os requisitos esixidos para disfrutar da bonificación, deberá aboarse a parte do imposto que se deixara de ingresar como consecuencia da bonificación practicada e dos interese de demora.

6ª. Concedida a bonificación, esta manterase como máximo, polos períodos impositivos coincidentes co período de validez do Título de Familia Numerosa vixente no momento da solicitude ou, no seu caso, da renovación, debendo presentarse nova solicitude, para a non interrupción do beneficio fiscal, antes do 31 de decembro, excepto no caso das renovacións que deban de realizarse no mes de decembro, en cuio caso, o prazo de solicitude será ata o 31 de xaneiro. Asemade, no suposto de cambio de vivenda habitual, deberá presentarse nova solicitude de bonificación.

5 As solicitudes de bonificacións, previo informe técnico, serán resoltas pola Xunta de Goberno Local.

6. A bonificación do apartado 1 deste artigo non será compatible con ningunha outra, salvo precepto legal que dispoña a compatibilidade.

5.- Gozarán dunha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan actividades económicas (actividades agrícolas ou gandeiras) que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico- artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración, así como as construcións destinadas unicamente a actividades agrarias ou gandeiras .

Corresponde dita declaración á Xunta de Goberno Local en canto que competencia delegada do pleno. "A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude .

Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.
- Acreditación da titularidade catastral do inmueble.
- Certificación acreditativa de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa facenda autonómica ni coa Seguridade Social.
- Xustificación do recoñecemento da explotación, ou licenza / comunicación da actividade correspondiente.

Previamente á súa aprobación, o Concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

Os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello, poderá declararse, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de dez días (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dito prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro xeito, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

Disposición final. A modificación da Ordenanza Fiscal no referente a estas bonificacións, aprobada polo Pleno ,entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2017, continuando en vigor e de aplicación o restante articulado da ordenanza, ata a súa modificación ou derogación expresa. No que non estea expresamente previsto na modificación da presente ordenanza, rexerán os preceptos contidos na redacción anterior da mesma, así como os preceptos contidos na lexislación reguladora das facendas locais (Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e nas demais leis do estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento .

Artigo 15.º .-Período impositivo e retribución

1.-O imposto retribuirase o primeiro día do período impositivo.

2.-O período impositivo coincide co ano natural.

3.-Os feitos, actos e negocios que deben ser obxecto de declaración ou comunicación perante o Catastro Inmobiliario, terán efectividade no devengo deste imposto inmediatamente posterior ó momento no que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de

valoración colectiva e de determinación do valor catastral dos bens inmobles de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Artigo 16.º .-Declaracións catastrais

As alteracións referidas ós bens inmobles susceptibles de inscrición catastral que teñan transcendencia para os efectos deste imposto determinarán a obriga dos suxeitos pasivos de formaliza-las declaracións conducentes á súa inscrición no catastro inmobiliario, conforme o establecido na súa normativa reguladora.

Artigo 17.º .-Xestión do imposto

A xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión dos actos ditados en virtude da xestión tributaria deste imposto levarase a cabo conforme ó preceptuado nos artigos 7, 8 e 77 do Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo así coma as demais disposicións que resulten de aplicación.

Artigo 18.º .-Revisión

1. Os actos de xestión e inspección catastral do imposto serán revisables nos termos e de acordo cos procedementos sinalados no RDLex. 2/2004, Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais , e no RDLex. 1/2004, Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

2. Os actos de xestión tributaria do imposto serán revisables conforme o preceptuado no artigo 14 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de m, e demais concordantes de aplicación.

Disposición adicional única

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición derogatoria única:

Queda derogada a ordenanza fiscal nº 7 reguladora do imposto sobre bens inmobles publicada no BOP 36 de data 13/2/2003 así como modificacións posteriores .

Disposición final

A presente ordenanza fiscal, foi aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 19 de xaneiro de 2017, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano seguinte a finalización da súa tramitación, continuando vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Pantón a 17 de novembro de 2017.- O Alcalde, José Luis Alvarez Blanco.

R. 3473

RIOTORTO

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o Presuposto Xeral para o exercicio 2018, a plantilla de persoal e a relación de postos de traballo para o devandito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de Marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e disposicións concordantes, exponse ao público na Secretaría deste Concello por prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da inserción deste edicto no B.O.P., a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se estimen pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Riotorto, 24 de Novembro de 2017.- O Alcalde, Clemente Iglesias González

R. 3520

SAMOS

Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de 16/11/2017, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a OUTUBRO de 2017, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte

ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello no Banco Pastor ou BBVA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, a 16 de novembro de 2017.- ALCALDE PRESIDENTE, Julio Gallego Moure.

R. 3474

VIVEIRO

Anuncio

Con data de 22 de novembro do 2017, por Resolución de Alcaldía, procédese á aprobación do seguinte padrón fiscal :

Tributo	Exercicio	Importe
Taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa	2017	38.763,72,-€

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante o Alcalde. Se o recurso non se resolvese no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

Anuncios de cobranza :

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

1. O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día **27 de novembro de 2017** ata o **25 de xaneiro de 2018**, ambos inclusive.

2. Os contribuíntes poderan aboar os seus recibos en calquera oficina de ABANCA corporación bancaria S.A. e Caixabank SA. (A Caixa) dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán presentarse a partir do 15 de decembro de 2017 na oficina de Recadación do Concello de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas da entidades antes indicadas.

3. Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caixas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral

de Recadación, e avírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciaráse o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro , 22 de novembro de 2017.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R.3502

XERMADE

Anuncio

O Pleno da Corporación en sesión extraordinaria realizada o día 23 de novembro de 2017 aprobou o expediente de modificación de créditos número 13/17, por importe de corenta e nove mil setecentos oitenta e catro euros con vinte e nove céntimos (49.784,29 €); no cumprimento do disposto no artigo 177 en relación co 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese a información pública na Secretaría do Concello, por prazo de quince días hábiles que se contarán desde o seguinte o da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que poida examinarse ó expediente e presenta-las reclamacións que se consideren oportunas, que serán dirixidas o Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Xermade, 24 de novembro de 2017.- O Alcalde, Roberto García Pernas

R.3503

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

CEDULA DE NOTIFICACION

MARÍA RAMOS DEvesa, LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 2 DE LUGO,

HAGO SABER: Que en la **EJECUCIÓN DE TÍTULOS JUDICIALES 149/2017** de este Juzgado de lo Social, seguida a instancia de D. JOSÉ ANGEL CASTRO GÓMEZ contra la empresa COPORCEL SL, se ha dictado Auto de fecha 13/11/2017 , cuya parte dispositiva literalmente dice:

“**DISPONGO:** Despachar orden general de ejecución a favor de **D.JOSE ANGEL CASTRO GOMEZ**, frente a **COPORCEL SL**, por importe de **6.692,92 euros** en concepto de principal, más otros **1.300 euros** que se fijan provisionalmente en concepto de intereses que, en su caso, puedan devengarse durante la ejecución y las costas de ésta, sin perjuicio de su posterior liquidación, así como por la cantidad de **200 euros** en concepto de multa impuesta en sentencia.

Notifíquese a las partes.

Contra este auto **podrá interponerse recurso de reposición**, a interponer ante este órgano judicial, en el plazo de los **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación, en el que **además** de alegar las posibles infracciones en que hubiera de incurrir la resolución y el cumplimiento o incumplimiento de los presupuestos y requisitos procesales exigidos, **podrá deducirse la oposición a la ejecución despachada**, aduciendo pago o cumplimiento documentalmente justificado, prescripción de la acción ejecutiva u otros hechos impositivos, extintivos o excluyentes de la responsabilidad que se pretenda ejecutar, siempre que hubieren acaecido con posterioridad a su constitución del título, no siendo la compensación e deudas admisible como causa de oposición a la ejecución.

Si el recurrente no tuviere la condición de trabajador o beneficiario del régimen público de seguridad social deberá consignar la cantidad de 25 euros, en concepto de depósito para recurrir, en la Cuenta de Consignaciones de este XDO. DO SOCIAL N. 2 abierta en BANCO SANTANDER, LUGO, cuenta nº 2323000030014917. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

Así lo acuerda y firma SSª. Doy fe.

EL MAGISTRADO-JUEZ LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA”

Asimismo, en la misma fecha se ha dictado Decreto cuya parte dispositiva literalmente dice:

“ACUERDO:

- Requerir a la empresa **COPORCEL SL** para que, dentro del plazo de **CINCO DÍAS** ingrese en la Cuenta de Depósitos y Consignaciones Judiciales abierta en la entidad BANCO SANTANDER, OP de Lugo, con el número **2323000064014917** la suma de **8.192,92 euros** que se le reclama en la presente ejecución, con apercibimiento de que, en caso de impago, **se procederá al embargo de bienes de su titularidad** suficientes para satisfacer las cantidades que se le reclaman.
- Obtener relación de todos los bienes o derechos del deudor de que exista constancia a través de las aplicaciones informáticas de la Dirección General del Catastro, Dirección General de Tráfico y Agencia Estatal de la Administración Tributaria y del Colegio de Registradores de la Propiedad, Mercantiles y de Bienes Muebles de España.
- Indicar a la parte ejecutante que puede designar una cuenta bancaria de su titularidad a fin de transferir a la misma las cantidades que se obtengan a su favor en la presente ejecución.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Contra la presente resolución cabe recurso directo de revisión que deberá interponerse ante el presente órgano judicial en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a la notificación de la misma con expresión de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LJS. El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros, en la cuenta nº 2323000031014917 abierta en BANCO SANTANDER, LUGO. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos. **LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA”**

Y para que le sirva de **NOTIFICACION EN LEGAL FORMA** a la empresa COPORCEL, SL, en ignorado paradero, con último domicilio conocido en Fábrica de la Luz, O Palomar, s/n- 27004-Lugo, a la que se advierte que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o cédula en el tablón de anuncios de la Oficina Judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia o cuando se trate de emplazamiento, expido y firmo el presente para su inserción en el **Boletín Oficial de la Provincia de**, en LUGO, a catorce de noviembre de dos mil diecisiete.- **LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**

R. 3475

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – LUGO***Anuncio*

CONVOCATORIA SUBVENCIONES PARA FINANCIACIÓN PARCIAL PARA ALUGUER DE VIVENDA DESTINADA A DOMICILIO HABITUAL PARA PERSOAS RESIDENTES NO CONCELLO DE LUGO

BDNS(Identif.):372744

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b. e 20.8.a. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencions.

Primeiro. PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán solicitar estas axudas para o alugamento as persoas físicas arrendatarias de vivendas que vivan soas ou formen parte dunha unidade de convivencia, con contratos de arrendamento vixentes na data de peche do prazo de presentación de solicitudes.

Poderán solicitar as axudas aquí reguladas as persoas físicas, maiores de idade, que posúan a nacionalidade española, ou a dalgún dos estados membros da Unión Europea ou do Estado Económico Europeo, Suíza, ou o parentesco determinado pola normativa que sexa de aplicación. No caso de estranxeiros non comunitarios, deberán ter residencia legal en España.

O cumprimento de todos os requisitos recollidos nas cláusulas cuarta e quinta das bases deberá cumprirse na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período no que a persoa solicitante figure como beneficiaria da axuda.

Segundo.- REQUISITOS QUE DEBERÁN REUNIR AS PERSOAS SOLICITANTES

a) Todos os membros da unidade de convivencia han de residir e estar empadroados no termo municipio de Lugo e a persoa solicitante, ademais, deberá estar empadroada cunha antigüidade mínima de UN ANO con anterioridade á data de peche do prazo de presentación de solicitudes; tras a autorización das persoas interesadas, EVISLUSA solicitará de oficio o xustificante de empadramento e convivencia, e deberán constar empadroadas exactamente as mesmas persoas que se declaran na solicitude.

Consideraranse asimiladas a persoas residentes as solicitantes que fosen antigas residentes no municipio de Lugo e que, por motivos económicos, laborais e/ou formación académica regrada, se viron obrigadas a abandonalo e desexen retornar a el, sempre que demostren ter residido, con anterioridade, neste termo municipal un tempo continuado non inferior a 10 anos.

b) A vivenda para a que se solicita a axuda deberá constituír residencia habitual, aspecto que se xustificará a través dunha declaración responsable da persoa solicitante, se ben a entidade colaboradora resérvase a posibilidade de levar a cabo as comprobacións pertinentes en colaboración co Servizo Municipal de Estatística. Comprobarase que a vivenda onde se atope empadroada a unidade familiar coincide coa do obxecto de solicitude de subvención e que se atopan empadroados unicamente os membros da unidade familiar que figuren na solicitude. O non cumprimento destes requisitos dará lugar á denegación da axuda.

c) Ningún membro da unidade de convivencia poderá dispoñer de vivenda en propiedade no termo municipal de Lugo ou de dereito real de uso e desfrute sobre outra vivenda na provincia de Lugo agás que de encontrarse no último suposto demostre documentalmente a imposibilidade de facer uso deste dereito (vivenda non habitable, motivos laborais ou familiares...). Quedan excluídos deste requisito:

- As persoas separadas ou divorciadas con convenio regulador no que figure que a vivenda conxugal queda para uso e desfrute da súa ex-parella.

d) Que non exista aglomeración de persoas na vivenda. (Un mínimo de 4 m² por persoa en estancias de uso dormitorio).

e) Establécese un límite máximo de ingresos da unidade de convivencia de xeito que poderán resultar beneficiarias destas axudas aquelas unidades de convivencia cuxos ingresos brutos totais anuais ponderados segundo a fórmula establecida na base 6ª destas bases, non superen dúas veces o índice público de rendas de efectos múltiples (IPREM) que segundo a Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016 o valor anual para o IPREM queda fixado en 7.455,14 € (o límite para estas axudas establécese en 14.910,28 €), e que os ingresos derivados das rendas de capital non superen, no seu conxunto, a cifra de 601 € anuais. Para a determinación dos ingresos partírase das contías da base imponible xeral e do aforro reguladas na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes á declaración ou declaracións presentadas por cada un dos membros da unidade de convivencia e que se refiran ao último exercicio fiscal dispoñible (exercicio 2016). Ademais teranse en conta todos os ingresos recibidos no último exercicio vencido que non estean incluídos no IRPF.

Para o suposto de que algún dos membros da unidade de convivencia non estivese obrigado a presentar a declaración da renda, os ingresos determinaríanse partindo da documentación á que se refire a cláusula décima destas bases.

f) As persoas membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos deberán atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo, e que non teñan pendente ningunha outra débeda por ningún concepto coas administracións públicas antes mencionadas. Así mesmo, que non se atopen incursas en ningunha das prohibicións para ser beneficiaria de subvencións públicas, contempladas no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

g) Que ningún membro da unidade de convivencia:

- Perciba axuda económica en concepto de vivenda mentres estea percibindo a deste programa xa que esta subvención é incompatible con calquera outra pública ou privada concedida para este fin. Exceptúase da anterior limitación o complemento para titulares de PNC que residen en vivendas alugadas.

- Teña parentesco en primeiro, segundo e terceiro grao de consanguinidade ou afinidade coa persoa arrendadora.

- Sexa beneficiario/a desta subvención na convocatoria 2015 e nas súas correspondentes prórrogas.

2.- Para os efectos deste programa, enténdese por unidade de convivencia:

2.1) A formada polas/os cónxuxes non separadas/os legalmente e, se é o caso, as/os súas/seus descendentes e ascendentes que convivan habitualmente ou colaterais en terceiro grao que convivan habitualmente.

2.2) Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, acreditada mediante inscrición no Rexistro de Parellas de Feito ou ben Libro de Familia, a formada polos respectivos titulares das ditas unións de convivencia, con descendentes e ascendentes, en iguais termos aos enunciados no parágrafo anterior.

2.3) As persoas maiores de idade integradas nunha unidade de convivencia que manifesten o seu desexo de independizarse.

2.4) O conxunto de persoas que, cunha antigüidade non inferior a un ano, habitan unha vivenda de forma habitual e permanente e con vocación de estabilidade.

Terceiro.- REQUISITOS QUE DEBERÁN CUMPRIR AS VIVENDAS.

1.- A vivenda alugada deberá estar situada no termo municipal de Lugo. Non poderán ser obxecto de axuda:

As vivendas de protección oficial de promoción pública, nin as de titularidade da Administración pública nin as de carácter benéfico social ou sen ánimo de lucro.

As vivendas situadas en entreplantas e as vivendas situadas nos baixo cuberta con uso legal recoñecido no planeamento distinto de vivenda.

Os subarrendos.

Os alugamentos de habitacións.

Os locais e/ou rochos usados como vivenda.

2.- O custo do alugamento da vivenda non poderá superar os 350 €/mes. Quedan excluídos do concepto de alugamento, xa que non poderán ser incluídos como renda da vivenda e, polo tanto, non serán subvencionables, os gastos que a continuación se mencionan:

Os de comunidade e administración.

Contribucións especiais, taxas e impostos, aínda que figuren no contrato.

Os de garaxe e anexos.

Os de gas, auga, electricidade e calefacción.

Os correspondentes ás reparacións que, conforme a Lei ou o contrato, teña que efectuar na vivenda a persoa titular do arrendamento.

En todos os casos, os contratos de alugamento deberán aterse, en canto á súa duración, ao estipulado na Lei 29/1994 de arrendamentos urbanos e modificacións posteriores, e en calquera caso deberase desagregar a parte da vivenda dos gastos non subvencionables.

3.- A vivenda deberá contar, polo menos, coas seguintes condicións de habitabilidade:

Cociña en bo uso, con fonte de alimentación eléctrica ou calquera fonte de alimentación legal, e nunha estancia ventilada e axeitadamente equipada.

Se dispón de instalación de gas, deberá atoparse legalizada. En calquera estancia en que exista aparello con combustión deberá existir unha reixa de ventilación en contacto directo co exterior. No caso de gases máis pesados có aire (butano, propano...) a reixa deberá estar situada a ras do pavimento cun máximo de 15 cm.

Se a estancia onde se atopa o aparello de combustión non está situada directamente en contacto co exterior, as estancias contiguas disporán, así mesmo, de reixa. En ningún caso se poderán tapar ou bloquear as ditas reixas.

Cuarto de baño completo con ducha ou bañeira con ventilación directa ou forzada.

Sistema de condución de auga quente en funcionamento e que dea servizo ao cuarto de baño e á cociña.

Instalación eléctrica a 220 V en bo estado e legalizada.

Dispoñer de auga corrente, con instalación en bo estado, mediante contrato de subministración concertado co Concello de Lugo, se se atopase dentro da área de prestación do servizo municipal de abastecemento domiciliario de auga potable.

Deberá dispoñer de rede de saneamento en bo uso, con vertedura legal á rede xeral, se se atopase dentro da área de prestación do servizo municipal de sumidoiros.

Iluminación e ventilación segundo as condicións de vivenda exterior establecidas no Plan xeral.

Os espazos con uso dormitorio deberán ser todos exteriores e non utilizar outras dependencias que non teñan ese uso. Considérase unha superficie mínima de 4 m² por persoa na estancia. Permitirase a ventilación desas estancias a través de galerías ou estancias de estar que non superen os 3 m de profundidade con respecto á fachada do edificio.

Os espazos con uso de estar deberán ser todos exteriores e non utilizar outras dependencias que non teñan ese uso.

- Demais requisitos establecidos nos criterios xerais da normativa de habitabilidade tendo en conta como mínimo o cumprimento do Decreto 311/1992. Entre cuxas disposicións establece a determinación de que as vivendas situadas na 4ª planta ou superiores deberán ter acceso por ascensor, agás nas edificacións anteriores á entrada en vigor desta normativa.

As vivendas, en todo caso, deberán ter unhas condicións mínimas de hixiene, ornato e salubridade. Todas as estancias deberán ser accesibles e non se permitirán usos de almacenamento descontrolado de obxectos nas estancias da vivenda.

Cuarto.- BASES REGULADORAS

As bases xerais reguladoras da concesión de subvencións para financiar parcialmente o alugamento de vivendas, destinadas a vivenda habitual en Lugo-exercicio económico 2017, aprobounas a Xunta de Goberno local do Concello de Lugo, Acordo número 38/735, na sesión ordinaria que tivo lugar o 22 de novembro de dous mil dezasete, BOP de Lugo número 273, do 28 de novembro de 2017.

Quinto.- CONTÍA

O orzamento para esta finalidade é de 150.000 € con imputación á aplicación orzamentaria municipal do exercicio 2017 número 23179.48901.

Este crédito inicial poderá ser incrementado en función do número de solicitudes presentadas e de que exista dispoñibilidade orzamentaria.

As axudas de alugamento, cumpridos os requisitos esixidos, concederanse de conformidade coas contías e porcentaxes que a continuación se citan:

A contía para cada caso fixarase en función do cálculo que se efectúe sobre os ingresos ponderados da unidade de convivencia (IUC), de conformidade coa táboa prevista nestas bases. Para esta ponderación tomarase como base a declaración de ingresos (DI) achegada pola persoa solicitante. Esta cantidade ponderarase atendendo ao número de membros da unidade de convivencia e circunstancias deles, aplicando os seguintes coeficientes, de xeito sucesivo e acumulado:

1.- Número de membros da unidade de convivencia (MUC).

- Dous membros: 0,95.

- Tres: 0,90.

- Catro: 0,85

- De cinco en diante: 0,80.

2.- Número de descendentes da unidade de convivencia (DUC).

- Un: 0,95.

- Dous: 0,90

- Tres: 0,85

- Catro: 0,80

- De cinco en diante: 0,75.

3.- Número de ascendentes da unidade de convivencia: (AUC).

- Unha/Un ascendente: 0,95.

- Dúas/Dous ou máis ascendentes: 0,90.

4.- Familias monoparentais con cargas familiares (CF).

- Unha persoa: 0,95.

- Dúas: 0,90

- Tres: 0,85.

- Catro: 0,80

- De cinco en diante: 0,75.

De conformidade co especificado no parágrafo anterior, o cálculo dos ingresos ponderados da unidade de convivencia (IUC) expresarase na seguinte fórmula:

$$IUC = DI \times MUC \times DUC \times AUC \times CF$$

De acordo cos ingresos ponderados da unidade de convivencia, a contía da axuda virá determinada pola seguinte táboa, tendo como referencia o Índice Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM) do exercicio do 2016: 7.455,14 € /ano que se refiren aos ingresos e o prezo do alugamento da vivenda:

IUC	Subvención (% sobre o prezo de alugueiro da vivenda)
Ata 1,00 veces o IPREM	50 %
Dende 1,01 veces o IPREM ata 1,40 veces o IPREM	40 %
Dende 1,41 veces o IPREM ata 1,75 veces o IPREM	30 %
Dende 1,76 veces o IPREM ata 2 veces o IPREM	20 %

Unha vez avaliados os ingresos e determinado o importe da subvención que corresponda a cada persoa solicitante, a adxudicación da axuda individual farase en primeiro lugar, primando as persoas de menos ingresos económicos e en segundo as que teñan maior número de persoas menores ou maiores dependentes ao seu cargo.

En ningún caso, o total da subvención superará o 50% do importe de alugamento mensual da vivenda.

Sexto.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As persoas interesadas presentarán a súa solicitude en modelo normalizado (ANEXO I das bases) debidamente asinada, no Rexistro da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo (EVISLUSA), sito na rúa Quiroga Ballesteros- Edificio Uxío Novoneyra- 3ª Planta; no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, contado dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria no BOP, por conduto da BDNS, na forma e nos termos previstos na Lei xeral de subvencións [artigo 17.3.b), 18 e 20.8. a] en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Así mesmo, publicaranse as bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Taboleiro de Edictos do Excmo. Concello de Lugo e na páxina web do Concello de Lugo (www.lugo.gal), debendo inserirse no "Portal de Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Lugo.

Lugo, 24 de novembro de 2017.- A Tenente de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social, Igualdade e Inclusión, Ana Mª González Abelleira

R. 3519